



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: casa do concello

Día: 1 de outubro de 2015

Hora de comezo: 14.20 h

Hora de remate: 15.00 h

ASISTENTES:

Don Manuel Fernández Munín

Dona M^a Carmen Botana Cebeiro

Don Jesús Sanjuás Mera

AUSENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato

No salón de sesións da casa do concello presidindo o concelleiro e primeiro tenente de alcalde, don Manuel Fernández Munín, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos polo secretario –interventor accidental, don Juan Manuel Corral Sánchez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Concesión de licenza de tenza de animal potencialmente perigoso**
- 3. Inicio de expediente para o alleamento mediante poxa de 4 porcos**
- 4. Rexeitamento recurso de reposición interposto por Allianz, compañía de seguros e reaseguros SA en relación coa execución subsidiaria da reparación dos danos ocasionados na ponte que está sobre o rego de Valpedre-Donas e rexeitamento da solicitude de suspensión da execución do acto.**
- 5. Arquivos de expedientes de limpeza de leiras dedicadas a monte no lugar de Rebordaos – Oural, números 572, 575 e 501.**
- 6. Baixas no padrón do lixo**
- 7. Inicio de contratación do subministro de combustible para vehículos e locais sociais**
- 8. Inicio de contratación do servizo de mantemento das instalacións de calefacción e fontanería municipal**
- 9. Aprobación de facturas**
- 10. Baixa na tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade**

11. **Aprobación e aboamento facturas de taxi pola recollida de alimentos da “Cruz Roja”**
12. **Aprobación e aboamento de facturas dos premios “II certame de relatos Xosé Neira Vilas”**
13. **Aprobación convenio de cesión de local no lugar de Sergude**
14. **Devolución de ingresos , en relación coas actividades “Xanela de verán 2015”**
15. **Retirada de licenzas para a instalación de postos de venda ambulante na feira-mercado de Lestedo**
16. **Altas no servizo de abastecemento e saneamento**
17. **Execución subsidiaria de limpeza na leira número 430, polígono 45, de Ponteledesma**
18. **Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

1. - Aprobación da acta anterior

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar a acta da sesión da Xunta de Goberno que tivo lugar o día 17 de setembro do 2015

2. Concesión de licenza de tenza de animal potencialmente perigoso

O 25 de setembro de 2015 co número de entrada 15/1844 don Eduardo xxxxx solicita licenza administrativa para a tenza dun animal potencialmente perigoso, en concreto para a tenza dun staffordshire bull terrier mestizo, con data de nacemento 01/02/2014, macho, cor canela, sen signos particulares, código de identificación 941000018365213 no lado esquerdo do pescozo e con destino: animal de compañía .

Acompáñase a seguinte documentación:

- Certificado psicotécnico efectuado a don Eduardo xxxxx, de data 24 de setembro do 2015, que o capacita como apto para obter a licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos (copia compulsada).
- Información do Rexistro Central de Penados e Rebeldes, en donde consta a non existencia de nota penal a nome de don Eduardo xxxxx os efectos da tenza de animais potencialmente perigosos (orixinal).
- Copia do contrato de seguro de responsabilidade civil, no cal se sinala cobertura para cans de raza perigosa; aseguradora Helvetia e número de póliza DC H15 0000144.
- Copia da cartilla sanitaria do citado can e copia do certificado veterinario oficial do can staffordshire bull terrier mestizo
- Certificado da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, sinalando que don Eduardo xxxxx, co DNI xxxxx, non foi sancionada por infraccións graves ou moi graves, de acordo co sinalado no apdo 3 artigo 13 da Lei 50/1999, de 23 de decembro.
- Copia do DNI de don Eduardo xxxxx
- Xustificante do ingreso da taxa, por importe de 30,00 euros, en concepto de “taxa por prestación de servizos especiais de expedición de licenza por tenza de animais perigosos.

Examinado o expediente á vista da documentación presentada e de acordo co disposto na Lei 50/1999, de 23 de decembro sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos, a Xunta de Goberno acorda :

1. Conceder licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos a don Eduardo xxxxx, como propietario do animal que se identifica como especie e raza canina staffordshire bull terrier mestizo, con data de nacemento 01/02/2014, macho, cor canela, sen signos particulares, código de identificación 941000018365213 no lado esquerdo do pescozo e con destino: animal de compañía .

2. A presente licenza terá unha vixencia de cinco anos, polo que deberá ser renovada á finalización do citado prazo.

3. Notificar este acordo ó interesado.

3. Inicio de expediente para o alleamento mediante poxa de 4 porcos

Por Decreto da alcaldía de data 8 de setembro do 2015, en cumprimento do establecido nos artigos 460.1 do Código Civil, 11.2 da Lei 1/1993 de protección de animais e 26 do regulamento de bens, acordouse encargar a custodia de 4 porcos a don Gonzalo Torres Gil, durante os 20 días legais de retención dos animais ata a aparición do seu dono.

Publicouse anuncio na páxina web do concello, no taboleiro de edictos do concello e varios bandos municipais.

A esta data (1 de outubro do 2015) e transcorridos os 20 días, non se tivo coñecemento do/s propietario/s, nin foron reclamados os referidos porcos.

Por todo isto a Xunta de Goberno acorda:

1. Iniciar o expediente mediante poxa para o alleamento de 4 porcos abandonados. Cada porco pesa aproximadamente 20 quilos.

2. Aprobar o seguinte prego de condicións para o referido alleamento:

PREGO DE CONDICIÓNNS PARA O ALLEAMENTO DE 4 PORCOS

1- OBXECTO:

Constitúe o obxecto do contrato a venda mediante poxa dos bens anteriormente citados.

2- PARTICIPANTES:

Poderán participar tódalas persoas que teñan capacidade para contratar e, en particular, para celebrar o contrato de compravenda segundo as normas contidas no código civil.

Todo ofertante deberá acreditar a súa personalidade mediante o seu DNI. Se interviñese en nome dunha terceira persoa deberá acreditarse a representación da mesma mediante poder suficiente e se fose outorgado con carácter xeral por unha persoa xurídica deberá estar inscrito no rexistro correspondente.

3-ADXUDICACIÓN:

Os bens serán adxudicados, ao/s licitador/es que oferten o maior prezo por unidade.

Serán de conta do adxudicatario todos os custos orixinados pola venda (custos de transporte e calquera outro que poida xurdir)

4- DOCUMENTACIÓN:

Os licitadores deberán presentar, en horario de 9 a 14, e de luns a venres, dous sobres pechados:

1º- Sobre A: DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA PERSONALIDADE DO OFERTANTE E GARANTÍA DEPOSITADA:

Documento nacional de identidade.

Poder, si se actúa en nome de outra persoa.

2º- O sobre B: conterá a OFERTA ECONÓMICA, que se axustará ao modelo do anexo.

5. PRAZO ENTREGA DOCUMENTACIÓN:

O prazo de entrega da documentación será de 6 días naturais, contados a partir do seguinte a data de publicación do anuncio na páxina web do concello, no taboleiro de edictos do concello e no perfil do contratante.

En caso de resultar sábado ou festivo o día que remata o prazo, quedará prorrogado ó día hábil seguinte.

6. ESTADO DOS BENS:

Os bens véndense no seu estado actual de conservación que se poderá comprobar mediante visita. A visita poderase realizar no lugar de A Gándara número 14, ubicado en Sergude, concello de Boqueixón, previa concertación de cita no teléfono 616 440 465.

O adxudicatario, polo feito de participar na poxa, acepta as condicións que se establecen neste prego. Os gastos derivados da venda serán por conta do adxudicatario.

7. RÉXIME XURÍDICO:

No non previsto nas presentes cláusulas, rexerán as normas da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora dos bens de réxime local e da lei de contratos do sector público.

ANEXO

MODELO OFERTA ECONÓMICA

Don/a ----- con DNI-----
con domicilio en ----- en nome propio (ou en representación
de -----) teléfono -----E-mail-----
-----, enterado da poxa anunciada na páxina web do
concello con data -----; no taboleiro de edictos do concello con
data..... ; no perfil do contratante o día -----, así como do prego de
condicións que coñezo e acepto integramente,

OFREZO o prezo de -----€ pola adquisición de porco/s.

Boqueixón, ----- de -----do 2015

3. Publicar o anuncio páxina web do concello, no taboleiro de edictos do concello e no perfil do contratante.

4.Rexeitamento recurso de reposición interposto por Allianz, compañía de seguros e reaseguros SA en relación coa execución subsidiaria da reparación dos danos ocasionados na ponte que está sobre o rego de Valpedre-Donas e rexeitamento da solicitude de suspensión da execución do acto.

ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno do 4 de xuño do 2015, acordou aprobar a valoración dos danos causados na ponte sobre o rego de Valpedre (Donas) por importe de 8.054,91 €, IVE incluído e comunícallo á empresa “xxxxx”, para a súa reparación.

2. Con data 13 de xullo do 2015, recíbese escrito de Allianz, compañía de seguros e reaseguros, SA, no cal se indica que rexeitan a reclamación porque non existe culpabilidade do condutor, posto que a causa do sinistro foi a falta de capacidade portante da calzada.

3. Con data 30 de xullo de 2015, o técnico municipal informa que o sinistro non se produciu por causa da capacidade portante da estrada senón a unha invasión do vehículo sobre a berma, o que orixinou o derrubamento do noiro.

4. A Xunta de Goberno do 6 de agosto do 2015, acordou rexeitar a alegación presentada por Allianz, compañía de seguros e reaseguros, SA e iniciar a execución subsidiaria.

5. Con data 14 de setembro do 2015 número de entrada 15/1773, recíbese no concello escrito de don Luis Alfonso Rieiro Noya, en nome de Allianz, compañía de seguros y reaseguros, SA, no cal interpón recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno do concello de Boqueixón do 6 de agosto do 2015, en base ás seguintes alegacións:

- Primeira.- Causa do sinistro.

No acordo da Xunta de Goberno do Concello de Boqueixón do 6 de agosto do 2015 establécese a execución subsidiaria e en consecuencia acórdase a reparación da ponte de Donas, sobre o rego de Valpedre, baixo a premisa de que o camión invadiu a berma, sen que se teña aportado ningunha proba obxectiva de dita conclusión.

*Como xa expuxo esta parte, o vehículo matrícula xxxxx cando circulaba pola estrada no lugar de Rego de Valpedre, termo municipal de Boqueixón, debeu facer unha **manobra evasiva para esquivar a outro vehículo sen identificar, e cedeu o vial, forzando ó vehículo a saírse da calzada.***

*Tal coma se expón no **informe pericial da entidade BEYMA INGENIERIA, S.L., de data 12 de xuño do 2015 (documento nº1), a estrada non ten limitación de peso, e o muro de mampostería presenta diversas gretas, non relacionada co sinistro, polo que “a causa do sinistro foi a falta de capacidade portante da calzada, a cal cedeu baixo o peso do vehículo asegurado, por Vds, polo que na miña opinión **non existe responsabilidade deste**”.***

Por outra parte, debemos indicar que no antecedente 1 da resolución impugnada dise que a vía atópase “limitada a dez toneladas o peso máximo dos transportes que poden circular por dita pista municipal, salvo autorización do concello. Apórtase reportaxe fotográfico do lugar onde se atopa a sinalización vertical que establece a limitación na pista municipal número 483, localizada no lugar de Ardesende, no cruce con AC 240, Donas – Ponte Ledesma”. Sen embargo, esquecese que non necesariamente hai que pasar por aí para chegar ó lugar do sinistro, e que ó mesmo accédese case por 20 puntos de entrada,

entre a multitude de estradas que levan ó lugar, sen que conste que nelas exista dita limitación. De feito, tal como consta no informe pericial da entidade BEYMA INGENIERIA, S.L., de data 12 de xullo do 2015, a estrada non ten limitación de peso. Por último non podemos esquecer que o Concello de Boqueixón non pintou a estrada, polo que ante a falta de marcas viais que delimiten a zona de circulación, non pode ser responsable o titular do vehículo da aptitude do vial para a circulación, cando ademais o muro de mampostería que fai ás veces de estribo da ponte presente gretas non relacionadas co sinistro.

• Segunda.- Valoración de danos.

A pesar de que a causa do sinistro é a falta de capacidade portante da calzada e que por elo carece de responsabilidade o titular do vehículo matrícula xxxxx, ós simples efectos dialécticos, temos que indicar que tampouco é correcta a valoración de danos que consta no orzamento do Concello de Boqueixón ó que se refire a resolución impugnada, en tanto que non se axusta ó dano, pois presenta unha medición moi superior á afectada, tal como se indica no informe pericial da entidade BEYMA, S.L.:

“-contempla afectar 100m² de pavimento, cando a superficie real é unha lonxitude de 8 metros nunha estrada de 5 metros de ancho, en total $8 \times 5 = 40\text{m}^2$.

-contempla repoñer 30m³ de muro de mampostería, en realidade viuse afectado un tramo de muro asimilable a un triángulo de 8 de metros de lonxitude, 3'50 metros de altura e 0'50m de espesor, é dicir, $8 \times 3, 5 \times 0'5 / 2 = 7\text{m}^3$ de muro.”

No informe pericial da entidade BEYMA INGENIEIRA, S.L. valóranse os danos tomando como base os prezos do orzamento, multiplicados pola medición real:

Desbroce e limpeza do terreo $8 \times 2\text{m}^2 \times 2'36\text{eur/m}^2$	37'76
Demolición de pavimento existente $40\text{m}^2 \times 3'36\text{eur/m}^2$	134'40
Demolición de muro de mampostería $7\text{m}^3 \times 5'26\text{eur/m}^3$	36'82
Excavación $7\text{m}^3 \times 6'25\text{eur/m}^3$	43'75
Muro de mampostería $7\text{m}^3 \times 131'78\text{eur/m}^3$	922'46
Recheo en trasdós $7\text{m}^3 \times 7'00\text{eur/m}^3$	49'00
Subfase de zorra artificial $10\text{m}^2 \times 15'03\text{eur/m}^3$	150'30
Firme con grava $3/7\text{m}^3 \times 16'60\text{eur/m}^3$	99'60
IVA 21% s/ 1.650'09.....	346'52
TOTAL VALORACIÓN.....	1.996'61
euros	

Por elo, no caso de que o vehículo matrícula xxxxx fose responsable dos danos, a reparación dos mesmos terá que realizarse conforme ó orzamento realizado pola entidade BEYMA INGENIERIA, S.L., conforme á medición real do vial danado.

Polo exposto **solicita** que se dite resolución pola que se revoque e deixe sen efecto a resolución impugnada por ser contraria a dereito, e subsidiariamente se reduza a contía da reparación dos danos á cantidade de 1.996'61 euros.

6. Por último, e conforme ó artigo 111 da Lei 30/1992 de Réxime das AAPP e de Procedemento Administrativo, solicita o recurrente a suspensión da execución do acto, alegando que “en casos coma o presente, pode afirmarse que a non concesión da medida cautelar privaría ó recurso da súa finalidade lexítima, pois unha resposta estimatoria non impediría a produción de efectos xurídicos eventualmente danosos para a recorrente.

7. Con data 29 de setembro do 2015 Don Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canais e portos, en contestación ó informe pericial de BEYMA INGENIERÍA S.L.

presentado co recurso de reposición da compañía aseguradora Allianz o 6 de setembro de 2015 respecto o sinistro acontecido na ponte de Donas sobre o Rego de Valpedre, no concello de Boqueixón; INFORMA QUE:

“A xuízo do técnico que subscribe, non é correcto afirmar que a falta de capacidade portante da estrada motivou o abandono da calzada por parte do vehículo, senón que foi precisamente a invasión da berma (non deseñada estruturalmente para soportar tráfico), ó saír o camión dos límites da calzada, o que provocou o derrubamento do noiro e do muro de acompañamento. Esta circunstancia é facilmente comprobable na reportaxe fotográfica que se achegou co informe de xullo de 2015 ó observar a ausencia de deformacións e/ou gretas no pavimento da estrada contiguo ó derrube que puideran xustificar a falla da súa capacidade portante.

Por outro lado, resulta moi aventurado afirmar, tal e como o fai o informe pericial presentado pola aseguradora, que as gretas que presenta o muro non están relacionadas co sinistro sen ter constatación algunha do estado previo do mesmo.

Con respecto a valoración dos danos, débese ter en conta que a reparación implica unha execución que excede o límite do dano propiamente dito. Isto é, para a reconstrución do muro danado é necesario, o fin de garantir a súa eficiencia estrutural, acadar a cota de cimentación do mesmo e reconstruílo en toda a súa altura. Desta circunstancia derívanse ó resto das medicións que xustifican a valoración presentada no informe de xullo de 2015, non sendo factible de ningún xeito unha reparación puntual tal e como se recolle na valoración do informe pericial.

*Por todo o anterior, **RATIFÍCOME** no informe presentado en xullo de 2015 e na valoración que nel se incluía por importe de 8.054,91 € para a reparación dos danos (achégase novamente), considerando que é apropiada e proporcionada, tanto económica coma tecnicamente.”*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA: De acordo co **artigo 22, apartado 1**, do Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, **“nos tramos da vía nos que pola súa estreiteza sexa imposible ou moi difícil o paso simultáneo de dous vehículos que circulen en sentido contrario, onde non haxa sinalización expresa ó efecto, terá dereito de preferencia de paso o que houbera entrado primeiro”**.

En atención ós antecedentes de feito e á reportaxe fotográfica do expediente, no caso que nos ocupa tiña preferencia de paso o outro vehículo. Daquela, segundo o artigo 24 da mesma norma, **“o condutor dun vehículo que teña que ceder o paso a outro non deberá iniciar ou continuar a súa marcha ou manobra**, nin volver comezalas, ata que se teña asegurado de que con elo non forza ó condutor do vehículo que ten prioridade a modificar bruscamente a traxectoria ou a velocidade do mesmo e debe mostrar con suficiente antelación, pola súa forma de circular, e especialmente coa redución paulatina da velocidade, que efectivamente vai a cedelo”.

Polo tanto, **a lei de circulación obrigaba ó condutor do vehículo con matrícula 8617 HCM a deter a súa marcha, non a facer unha manobra evasiva coa cal invadiu a berma, cedendo esta ante o seu peso**. Ademais, a invasión da berma da estrada da ponte de Donas, sobre o rego de Valpedre, queda suficiente e adecuadamente acreditada pola reportaxe fotográfica efectuada o 29 de abril do 2015, presente no informe do mesmo día do capataz de obras do concello, na que se observan perfectamente as marcas de rodadura do camión na marxe dereita do camiño.

SEGUNDA: Por outra banda, alega a recorrente que, non habendo sinal da limitación de peso a 10 toneladas para a circulación en todas as estradas que conducen ó tramo no que se produciu o sinistro, e máis en concreto a seguida polo condutor do vehículo con matrícula xxxxx, non existe limitación de peso no mesmo. A este respecto hai que dicir que no ano 2005 o concello de Boqueixón, ante o importante incremento da circulación de vehículos pesados polas estradas do municipio, acordaba limitar a dez toneladas o peso máximo dos transportes que poden circular pola rede viaria municipal, salvo autorización do concello. Así o poñía en coñecemento dos seus veciños por medio dun bando de 18 de marzo do 2005.

Pero ademais, adxunto ía un escrito no que informaba así mesmo da posibilidade que tiñan os veciños con vehículos de máis de 10 toneladas de solicitar unha autorización (gratuíta e permanente) para circular polas estradas municipais. Só se condicionaba a súa obtención ós vehículos de propietarios alleos ó concello, que para obter a autorización deberían depositar unha fianza para cubrir posibles danos ocasionados nas estradas pola súa circulación. Neste punto hai que sinalar que **aínda que a vía seguida polo camión para incorporarse á pista municipal con número 483 no estea limitada á circulación de vehículos cun peso máximo de 10 toneladas, esta última si o está, e foi nesta onde se produciu o accidente.** O propietario do vehículo accidentado ten a empresa “almacenes Mariñas SL” en Ponte Ledesma, concello de Boqueixón, e por tanto dificilmente poderá aducir descoñecemento da mencionada limitación.

TERCEIRA: De tódolos xeitos, cómpre lembrar que o Código Civil, no seu artigo 6.1, dispón que “a ignorancia das leis non escusa do seu cumprimento”. E para que esa ignorancia non sexa escusable as normas teñen que ser publicadas e estar a disposición dos cidadáns. O Concello de Boqueixón deu publicidade suficiente á limitación de tonelaxe das súas estradas mediante o mencionado Bando do 18 de marzo do 2005, anexando a información precisa para a obtención da autorización de circulación para os vehículos pesados, e colocando os sinais de tráfico pertinentes. E o feito a este respecto é que **no concello de Boqueixón non consta, entre as autorizacións outorgadas, a autorización ó camión matrícula xxxxx, propiedade de “xxxxx”.**

Por todo o anterior a Xunta de Goberno acorda:

1. Rexeitar o recurso de reposición interposto por don Luis Alfonso Rieiro Noya, procurador nos tribunais, en nome de Allianz, compañía de seguros e reaseguros SA, contra o acordo da Xunta de Goberno do 6 de agosto do 2015 polo que se rexeitou a alegación presentada por Allianz en relación á execución subsidiaria da reparación por danos ocasionados na ponte que está sobre o rego de Valpedre-Donas, polo camión matrícula xxxxx. O propietario, xxxxx ou ben a compañía de seguros deben aboar ó concello a contía da reparación dos danos ocasionados que ascende a 8.054,91 €.

2. Rexeitar a solicitude de suspensión da execución do acto que se recorre conforme ó artigo 111 LRX-PAC, posto que a reparación da ponte que está sobre o rego de Valpedre-Donas non pode ser demorada, ó tratarse dunha vía estreita e ó feito de que a non reparación faría perigoso o tránsito pola mesma. Ademais a súa execución non causará prexuízos de imposible ou difícil reparación, senón que ten consecuencias sinxelamente económicas para quen resulte responsable de sufragar a súa reparación, as cales sempre poden ser reparadas no caso de resultar exonerado de dita carga.

3. Dar traslado deste acordo á compañía de seguros e ó propietario do camiión “xxxxxx”.

5.Arquivos de expedientes de limpeza de leiras dedicadas a monte no lugar de Rebordaos – Oural, números 572, 575 e 501.

A) O 15 de abril do 2015, co número de entrada 15/694, don Manuel xxxxx, con domicilio en Oural, presenta escrito no rexistro municipal expoñendo que sendo propietario da vivenda situada na parcela número 567 do lugar Rebordaos xxxxx Oural, atópase a mesma rodeada de parcelas dedicadas a monte, que non cumpren coa normativa da Lei 3/2007, prevención e defensa contra os incendios forestais e coa Lei 7/2012 de montes de Galicia, en materia de distancias do arboredo e de maleza respecto da citada vivenda.

Sinala que as parcelas que non cumpren coa normativa citada son as número 566, 571, 572, 574 e 575, polígono 47 do “Xeixo-Boqueixón”.

Na Xunta de Goberno de data 7 de maio de 2015 acordouse:

“a) Requirir os propietarios da leira número 572, polígono 47, herdeiros de dona Carmen xxxxx, para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de piñeiros e carballetes e carballo , ata gardar unha distancia de 30 metros perimetrais (no caso dos piñeiros), 15 metros perimetrais (no caso dos carballetes e carballo) e unha distancia de 50 metros perimetrais libres de maleza respecto da vivenda de don Manuel xxxxx.

b) Requirir os propietarios da leira número 575, polígono 47, herdeiros de don Jesús xxxxx, para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de piñeiros e carballetes, ata gardar unha distancia de 30 metros perimetrais (no caso dos piñeiros), 15 metros perimetrais (no caso dos carballetes) e unha distancia de 50 metros perimetrais libres de maleza respecto da vivenda de don Manuel xxxxx.”

Feita inspección técnica o día 28 de setembro de 2015 “no lugar de O Xeixo, en Rebordaos - Oural, preto da vivenda de don Manuel xxxxx compróbase que a mesma está rodeada de leiras de monte.

Na leira número 572, polígono 47, do “Xeixo-Boqueixón”, dedicada a monte , procedeuse co desbroce da maleza, así como coa corta de arboredo; cumpríndose co establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Na leira número 575 polígono 47, do “Xeixo-Boqueixón”, dedicada a monte, procedeuse co desbroce de maleza, así como coa corta de arboredo, cumpríndose co establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia”.

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra os propietarios da leira número 572, polígono 47, herdeiros de dona Carmen xxxxx, por proceder os mesmos cos traballos de limpeza e corta de arboredo, ata gardar as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de 9 de abril en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

2. Arquivar o expediente aberto neste concello contra os propietarios da leira número 575, polígono 47, herdeiros de don Jesús xxxxx, por proceder os mesmos cos traballos de limpeza e corta de arboredo, ata gardar as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de 9 de abril en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

3. Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.

4. Comunicar o acordo os interesados.

B) O 14 de xullo do 2015 co número de entrada 15/1418, don Alfonso xxxxx, con domicilio en Rebordaos - Mato, presenta escrito solicitando a limpeza das leiras de monte, número 501, polígono 47, propiedade de don Jesús xxxxx e a número 503, polígono 47, propiedade de herdeiros de xxxxx, por estar con maleza e con arboredo que non cumpren coas distancias esixidas na normativa actual de prevención de riscos forestais.

Por Decreto da alcaldía de 24 de xullo de 2015 resolveuse requirir ós propietarios das leiras de monte, para que procedesen en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza das leiras e cortar o arboredo ata gardar unha distancia respecto da vivenda de 30 metros no caso de piñeiros e eucaliptos e de 15 metros no caso de frondosas: carballo.

Feita inspección polo técnico municipal o 28 de setembro de 2015, no lugar de Rebordaos, *compróbase que existen leiras dedicadas a monte preto da vivenda de don Alfonso xxxxx. Na leira número 501, polígono 47, procedeuse coa limpeza de maleza e coa corta de piñeiros ata gardar as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de prevención de riscos forestais modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia*”.

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra o propietario da leira número 501, polígono 47, don Jesús xxxxx, por proceder o mesmo cos traballos de limpeza e corta de arboredo, ata gardar as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de 9 de abril en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

2. Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.

3. Comunicar o acordo ó interesado.

6. Baixas no padrón do lixo

Escrito 15/1791

Con data 17 de setembro, dona Pilar xxxxx, presenta un escrito neste concello solicitando a anulación do recibo do lixo emitido ó seu nome por unha nave situada no polígono do SAUI-1 que é propiedade de don Ubaldo xxxxx.

Compróbanse os datos achegados e detéctase que houbo unha duplicidade na emisión deste recibo, polo que procede a anulación do emitido a nome de Pilar xxxxx.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

- Anular o recibo do ano 2014 a nome de Pilar xxxxx con núm. fixo 253000747283 por duplicidade
- Trasladar este acordo á Deputación para que anulen o cobro en executiva
- Comunicar este acordo á interesada

Escrito 15/1820

Con data 21 de setembro, don Celso Jesús xxxxx, presenta un escrito neste concello onde expón que recibe dúas taxas do lixo pola mesma vivenda, unha dada de alta no ano 2006 e outro no 2007, polo que solicita que se anule unha das taxas.

Compróbanse os datos de propiedade en catastro e detéctase que só ten unha vivenda, da que se expide a correspondente certificación desde o PIC municipal.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

- Anular o recibo do lixo correspondente ó ano 2015, a nome de Celso xxxxx con núm. fixo 253000597222 por estar duplicado
- Comunicar á Deputación da Coruña a anulación dos recibos emitidos desde o ano 2007, así como a devolución das cantidades aboadas neste tempo.
- Dar de baixa no padrón do lixo do ano 2016
- Comunicar este acordo ó interesado

Anulación de oficio

No momento en que se elabora o padrón do lixo, corríxense os erros que se detectaron de anos anteriores e fanse as modificacións correspondentes que os titulares solicitan para a emisión actualizada dos recibos anuais.

Neste caso, había que modificar o suxeito pasivo dun recibo emitido a nome de Manuel xxxxx e poñelo a nome da propietaria da vivenda dona María xxxxx. Por erro, en vez de anular o recibo a nome de Manuel xxxxx, anulouse o emitido a nome de xxxxx Jesús. Non obstante, emitíuse o recibo a nome de María Dolores.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

- Anular o recibo emitido a nome de Manuel xxxxx con núm. fixo 253000561535 por estar duplicada a propiedade que grava o imposto.
- Comunicar este acordo á Deputación para que anulen o recibo
- Comunicar a don Jesús xxxxx con DNI xxxxx e veciño de xxxxx- Codeso, que debe aboar o recibo do ano 2015, ó non o ter emitido a Deputación recibo por un erro na transmisión dos datos do padrón, e recuperar para o padrón do ano 2016 o recibo correspondente.

7. Inicio de contratación do subministro de combustible para vehículos e locais sociais

É preciso iniciar unha nova contratación para o subministro de combustible, debido á cantidade de vehículos e á diversa maquinaria que ten este concello para levar a cabo os diversos servizos que presta. Neste momento hai un total de 2 tractores, unha motobomba, un camiión para a recollida do lixo, 3 furgonetas, 3 vehículos todoterreo, 1 vehículo todocamiión e un camiión BUL para extinción de incendios.

Como maquinaria temos unha pa retroescavadora, unha varredora, un dumper e outra diversa para a limpeza de xardíns, camiños, áreas recreativas e obras.

No apartado dos locais sociais temos varias dependencias que precisan de combustible para a súas calefaccións e que son os seguintes: Centro de Saúde do Forte, Casa do Concello, Local Social de Sergude, Local Social de Vigo, Local Social de Codeso, Centro de Saúde de Lestedo e Local Social de Lestedo. No caso do centro de saúde do Forte, estase á espera de que sexa transferido ó SERGAS)

Polo tanto, debido ás elevadas cantidades de combustibles tanto de gasóleo C, como de gasóleo A, a Xunta de Goberno acorda:

1 Iniciar os trámites necesarios para a contratación do subministro de gasóleo A para vehículos e maquinaria municipal e gasóleo C para calefacción por procedemento aberto con un único criterio de valoración: factor prezo.

2 Aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, así como o cadro de características particulares do contrato que a continuación se transcriben literalmente:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXEN O CONTRATO DE SUBMINISTRO DE GASÓLEO “A PARA OS VEHÍCULOS E MAQUINARIA MUNICIPAIS E GASÓLEO “C” PARA CALEFACCIÓN DE CENTROS PÚBLICOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN PARA ADXUDICAR POR PROCEDEMENTO ABERTO MEDIANTE O CRITERIO DO PREZO.

INDICE

CAPÍTULO PRIMEIRO - DISPOSICIÓN XERAIS.

Cláusula 1. Obxecto do contrato.

Cláusula 2. Presuposto base de licitación e prezo do contrato.

Cláusula 3. Perfil de contratante.

CAPÍTULO II – LICITACIÓN.

Cláusula 4. Capacidade para contratar e criterios de selección das empresas.

Cláusula 5. Procedemento de adxudicación.

Cláusula 6. Garantía provisional.

Cláusula 7. Presentación de propostas.

Cláusula 8. Forma e contido das propostas.

Cláusula 9. Cualificación da documentación presentada, valoración dos criterios de selección e apertura de propostas.

Cláusula 10. Efectos da proposta de adxudicación. Renuncia ou desistimiento.

CAPÍTULO III - ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN.

Cláusula 11. Garantía definitiva.

Cláusula 12. Adxudicación do contrato.

Cláusula 13. Acreditación de documentación.

Cláusula 14. Perfección e formalización do contrato.

CAPÍTULO IV - EXECUCIÓN DO CONTRATO.

Cláusula 15. Principio de risco e ventura.

Cláusula 16. Suxección os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

Cláusula 17. Dirección e supervisión do subministro

Cláusula 18. Prazo de execución e prórroga do contrato.

Cláusula 19. Penalidades por incumprimento de obrigacións contractuais.

Cláusula 20. Responsabilidade do contratista por danos e prexuízos.

Cláusula 21. Modificación do contrato.

Cláusula 22. Suspensión do contrato.

Cláusula 23. Cesión do contrato e sub contratación.

CAPÍTULO V - DEREITOS E OBRIGACIÓNS DO CONTRATISTA.

Cláusula 24. Pago do prezo do contrato.

Cláusula 25. Revisión de prezos.

Cláusula 26. Obrigacións, gastos e impostos exixibles ao contratista.

Cláusula 27. Obrigacións laborais, sociais e medio ambientais.

CAPÍTULO VI - EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Cláusula 28. Cumprimento do contrato e recepción do subministro

Cláusula 29. Liquidación do contrato.

Cláusula 30. Prazo de garantía.

Cláusula 31. Resolución do contrato.

Cláusula 32. Réxime xurídico, Prerrogativas da Administración, Revisión de decisións e Tribunais competentes.

ANEXO I. Cadro de Características Particulares do contrato.

ANEXO II. Modelo de proposición económica.

ANEXO III. Modelo de declaración responsable relativa a non estar incursos en prohibicións e incompatibilidades para contratar coa Administración, de estar ao corrente no cumprimento de obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e de non ter débedas en período executivo co Concello de Boqueixón.

ANEXO IV. Prego de prescricións técnicas para a contratación do subministro de combustibles Gasóleo “A” para os vehículos e maquinaria municipais e de calefacción (Gasóleo C) para diversos centros do Concello de Boqueixón.

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXEN NO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE GASÓLEO “A” PARA OS VEHÍCULOS E MAQUINARIA MUNICIPAIS E GASÓLEO “C” PARA CALEFACCIÓN DE CENTROS PÚBLICOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN PARA ADXUDICAR POR PROCEDIMENTO ABERTO MEDIANTE O CRITERIO PREZO.

CAPÍTULO PRIMEIRO.- DISPOSICIÓN XERAIS.

1.- Obxecto do contrato.

O obxecto do contrato ao que se refire este prego de cláusulas administrativas particulares (en diante PCAP) é o subministro descrito no apartado 1 do seu anexo I Cadro de características particulares (en diante CCP). A descrición e características dos bens e a forma de levar a cabo a prestación polo adxudicatario serán as estipuladas no prego de prescricións técnicas particulares (en diante PPT), no que se fai referencia igualmente ás

necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato e ós factores de todo orde a ter en conta.

O contido dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares revestirá carácter contractual, e serán asumidos polos licitadores, sen ningunha excepción, polo feito de presentar as súas proposicións, e uniranse ao documento administrativo de formalización do contrato.

2.- Orzamento e prezo do contrato.

Non se establece orzamento máximo de licitación, dado que, considerando as características do subministro, o prezo global non pode ser definido con exactitude no momento de formalizar o contrato por estar subordinado, o consumo efectivo de combustible, ás necesidades reais deste concello.

Tendo en conta a imposibilidade de fixar un prezo fixo do subministro para todo o ano , o prezo final do litro de gasóleo C e A virá definido pola suma dos seguintes conceptos:

A – Prezo do produto en orixe

B- Impostos xerais que lle sexan de legal aplicación

C- Impostos especiais que lle sexan de legal aplicación

D- Marxe de explotación e comercialización

E- IVE (21%)

A contía do contrato non pode exceder da contía fixada para cada anualidade do mesmo do resultado de multiplicar o litro ofertado (prezo do produto en orixe (A) + impostos xerais (B)+ impostos especiais (C)+ marxe de explotación e comercialización máximo 7% (D) (%)+ IVE 21% (E) pola empresa adxudicataria, polo número de litros subministrados.

A empresa que resulte adxudicataria , terá a obriga de atender a todos e cada un dos vehículos e locais enumerados nos pregos de cláusulas técnicas, ademáis dos que poidan incorporarse, e que serán notificados á empresa adxudicataria.

A repostaxe do combustible realizarase nas estacións de servizo ou punto de subministro indicado na súa oferta.

Será requisito imprescindible que as empresas que se presenten á licitación teñan, polo menos unha estación de servizo ou punto de subministro nun radio máximo de 8 km. desde a Casa do Concello, situada no Forte , s/n – Boqueixón cun horario de funcionamento ininterrompido de 8.00 h ata 22.00 h, incluídos días festivos.

No caso de que as empresas teñan que colocar depósitos para poder facer o subministro, o concello designaralle un lugar axeitado para que poidan colocalos sen que isto repercuta en custo para a empresa adxudicataria.

Para o primeiro ano prevese un gasto anual aproximado de 50.500 euros impostos incluídos. Tendo en conta a duración do contrato dunha anualidade, e da prórroga por un máis, o importe estimado do contrato ascende a 101.000 euros. O concello comunicarlle á empresa adxudicataria o importe da consignación presupostaria para esta finalidade.

Non obstante e por necesidades do servizo, si nun momento determinado se superase o orzamento inicial, poderase utilizar o nivel de vinculación xurídica dos créditos, así como as modificacións presupostarias que no seu caso se aproben. A estes efectos, o adxudicatario, unha vez superado o 75% do crédito asignado, deberá comunicalo obrigatoriamente ó concello, coa finalidade de que se tramite a correspondente modificación presupostaria.

3.- Perfil de contratante.

O acceso ao perfil de contratante do órgano de contratación efectuarase a través do sitio web institucional do Concello de Boqueixón: <http://www.boqueixon.com>

CAPÍTULO.- II LICITACIÓN.

4.- Capacidade para contratar e criterios de selección das empresas.

Poderán optar á adxudicación do presente contrato as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, a título individual ou en unión temporal de empresarios, que teñan plena capacidade de obrar, que non se atopen incursas nas prohibicións e incompatibilidades para contratar coa Administración establecidas no artigo 60 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (en diante TRLCSP) e que acrediten o seu solvencia económica, financeira e técnica, de conformidade co establecido no apartado 5 do anexo I CCP, no que se indican así mesmo os criterios que se aplicarán para a selección das empresas, de conformidade co previsto no artigo 11 do RGLCAP. O cumprimento de devanditos criterios acreditarase polos medios que no mesmo apartado se indican.

As empresas estranxeiras non comunitarias, deberán reunir ademais, os requisitos establecidos no artigo 55 do TRLCSP.

5.- Procedemento de adxudicación.

O contrato adxudicarase por procedemento aberto mediante o criterio prezo, en aplicación dos artigos 138.2, 157, e 150.3.f) do TRLCSP, conforme aos termos e requisitos establecidos en devandito texto legal.

6.- Garantía provisional.

Dadas as características do contrato e de conformidade co art. 95 do TRLCSP, por tratarse dun subministro de bens consumibles, non se esixe garantía provisional.

7.- Presentación de proposicións.

As proposicións presentaranse na forma, prazo e lugar indicados no anuncio de licitación, sendo de aplicación o establecido no artigo 80 do RGLCAP. No perfil do contratante do Concello de Boqueixón(<http://www.boqueixon.com>) ofrecerase a información relativa á convocatoria de licitación deste contrato, incluíndo os pregos de cláusulas administrativas particulares e documentación complementaria, no seu caso.

O prazo xeral de presentación das proposicións para o contrato de subministro que regula o presente prego será de QUINCE (15) DÍAS NATURAIS, a contar desde o seguinte á publicación do anuncio de licitación no BOP.

O anuncio de licitación tamén será publicado no perfil do contratante do Concello de Boqueixón.

Cada empresario non poderá presentar máis dunha proposición, sen prexuízo da admisión de variantes ou melloras. Tampouco poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros empresarios se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A contravención destas prohibicións dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas.

A presentación de proposicións supón, por parte do empresario, a aceptación incondicional das cláusulas deste prego e do de prescricións técnicas que rexen o presente contrato, sen ningunha salvedade.

No que afecta ás variantes ou melloras, estarase ao disposto no apartado 9 do anexo 1 CCP.

8.- Forma e contido das proposicións.

As proposicións presentaranse redatadas en lingua galega ou castelán ou traducidas oficialmente a estas linguas, e constarán de DOUS (2) SOBRES, pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, debendo figurar no exterior de cada un deles o número de referencia e a denominación do contrato ó que llicitan, o nome e apelidos do licitador ou

razón social da empresa e o seu correspondente NIF. No seu interior farase constar unha relación numérica dos documentos que conteñen. Os sobres divídense da seguinte forma:

A) SOBRE Nº 1 "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA" que incluírá, preceptivamente, os seguintes documentos:

1.- Capacidade de obrar.

1.1.- Si a empresa fose persoa xurídica, a escritura de constitución ou modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Si non o fora, a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial, así como o Código de Identificación Fiscal (NIF), todo iso en orixinal ou copia que teña o carácter de auténtica conforme á lexislación vixente, ou fotocopia compulsada por funcionario habilitado para iso.

Estes documentos deberán recoller o exacto réxime xurídico do licitador no momento da presentación da proposición.

1.2.- Si se tratase de empresario individual, o DNI ou documento que, no seu caso, lle substitúa regulamentariamente, en copia que teña o carácter de auténtica conforme á lexislación vixente, ou fotocopia compulsada por funcionario habilitado para iso.

1.3.- Cando se trate de empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, a capacidade de obrar acreditarase mediante a súa inscrición nun rexistro profesional ou comercial, cando este requisito sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo, ou a presentación das certificacións que se indican no anexo I 1 do RGLCAP, para os contratos de fornezo.

Terán capacidade para contratar co sector público as empresas non españolas de estados membros da Unión Europea que, con arranxo á lexislación do Estado en que estean establecidas, se atopen habilitadas para realizar a prestación de que se trate. Cando a lexislación do Estado en que se atopen establecidas estas empresas, esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder realizar a prestación de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito.

1.4.- Cando se trate de empresas estranxeiras non comprendidas no parágrafo anterior, informe da Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa no que se faga constar, previa acreditación por parte da empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou na súa falta, que actúan de xeito habitual no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.

2.- Poder e bastanteo de poderes.

Poder. Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de Sociedade ou Persoa Xurídica deberá acompañarse Poder Notarial para representar á Persoa ou Entidade en cuxo nome actuará ante a Administración Contratante.

Si o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil. Si se tratase dun poder para acto concreto non é necesaria a inscrición no Rexistro Mercantil, de acordo co Art. 94.1.5 do Regulamento do Rexistro Mercantil.

Bastanteo. Os poderes a que se refire o apartado anterior deberán bastantearse previamente polo Secretario da Corporación.

DNI de apoderados. Acompañarase fotocopia compulsada do DNI do apoderado ou apoderados.

3.-Declaracións relativas a non estar incursos en prohibicións e incompatibilidades para contratar coa Administración, de estar ao corrente no cumprimento de obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e de que non existen débedas en período executivo co Concello de Boqueixón.

Declaración responsable, conforme ao modelo fixado no anexo III deste PCAP, de que o empresario, si se tratase de persoa física, ou a empresa, os seus administradores e representantes, si se tratase de persoa xurídica, así como o asinante da proposición, non estean incursos en ningunha das prohibicións e incompatibilidades para contratar sinaladas no artigo 60 do TRLCSP. Esta declaración comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, así como de non ter débedas en período executivo de pago.

4.- Solvencia económica, financeira e técnica.

Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica nos termos e polos medios que se relacionan no apartado 5 do anexo I do CCP.

Para acreditar a solvencia, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que, para a execución do contrato, dispón efectivamente deses medios.

O órgano de contratación respectará en todo caso o carácter confidencial dos datos facilitados polos empresarios.

5.- Unións temporais de empresarios.

Para que na fase previa á adxudicación sexa eficaz a unión temporal fronte á administración deberán presentar, todos e cada un dos empresarios, os documentos esixidos nesta cláusula, ademais dun escrito de compromiso solidario no que se indicarán: os nomes e circunstancias dos que a constitúan; a participación de cada un deles; a asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios e a designación dun representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato se deriven. Dito documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas que compoñen a unión.

Respecto á determinación da solvencia económica e financeira e técnica da unión temporal e aos seus efectos, acumularanse as características acreditadas para cada un dos integrantes da mesma.

No caso de que o contrato se adxudicase a unha unión temporal de empresarios, esta acreditará a súa constitución en escritura pública, así como o NIF asignado a devandita unión antes da formalización do contrato. A duración da unión será coincidente coa do contrato, ata a súa extinción.

As empresas estranxeiras deberán presentar declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponderlles.

6.- Empresas pertencentes a un mesmo grupo.

As empresas pertencentes a un mesmo grupo, entendéndose por tales as que se atopen nalgún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio e que presenten distintas proposicións para concorrer individualmente á adxudicación, deberán presentar declaración na que fagan constar esta condición.

Tamén deberán presentar declaración explícita, respecto dos socios que a integran, aquelas sociedades que, presentando distintas proposicións, concorran nalgún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42.1 do Código de Comercio.

B) SOBRE Nº 2 "PROPOSICIÓN ECONÓMICA"

A proposición económica presentarase redatada conforme ao modelo fixado no anexo II deste PCAP, non aceptándose aquelas que conteñan omisións, erros ou riscaduras que impidan coñecer claramente o que a Administración estime fundamental para considerar a oferta. Si algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase sustancialmente o modelo establecido, comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que lle fagan inviable, será rexeitada pola Mesa de contratación, sen que sexa causa bastante para o rexeitamento o cambio ou omisión dalgunhas palabras do modelo si iso non altera o seu sentido.

9.- Cualificación da documentación presentada, valoración dos criterios de selección e apertura de proposicións.

Reunidos o presidente da mesa de contratación e a secretaria, ábrense os sobres A de documentación administrativa para os efectos de cualificación da documentación.

Si se observasen defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicárase aos interesados mediante fax, correo electrónico, taboleiro de anuncios ou perfil do contratante do Concello de Boqueixón, ou calquera outro medio que permita ter constancia da súa recepción polo interesado da data en que se reciba e do contido da comunicación, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixan ou emenden.

En acto público, a Mesa abrirá o sobre nº 2 "Proposición económica", das empresas admitidas, dando lectura ás proposicións, e propondrá ó órgano de contratación a adxudicación do contrato ao licitador que oferte o prezo máis baixo. Os criterios para apreciar as ofertas desproporcionadas ou temerarias atópanse contemplados no artigo 85 do RGLCAP.

A oferta económica (ive excluído) consistirá na porcentaxe máis baixa de incremento sobre a marxe de explotación e comercialización por litro de combustible aplicado polo subministrador. En ningún caso a marxe de explotación e comercialización poderá exceder do 7%.

O prezo do litro de gasóleo A e C virá definido polos seguintes conceptos:

A – Prezo do produto en orixe

B- Impostos xerais que lle sexan de legal aplicación

C- Impostos especiais que lle sexan de legal aplicación

D- Marxe de explotación e comercialización (máximo 7%)

E- IVE (21%)

Deste xeito subministrador só ten opción a actuar sobre as marxes de explotación e comercialización, o prezo de valoración virá fixado pola menor porcentaxe de incremento sobre os conceptos a+b+c. Á suma destes conceptos hai que engadirlle o correspondente IVE.

Prezo final do gasóleo C/A: suma dos conceptos A+B+C+ marxe de explotación MÁXIMO 7 (%) + IVE (21%)

Prezo do produto en orixe: como prezo do produto (euros) fixarase o índice PLATT'S EUROPEAN MARKETSCAN vixente na data de publicación do concurso no perfil do contratante do concello.

Impostos xerais (IMP XE) : indicación e descrición da calquera imposto xeral que lle sexa de legal aplicación.

Impostos especiais (II-EE): valor vixente no momento da subministración do imposto sobre hidrocarburos, no seu caso, impostos especiais que lle sexan de legal aplicación.

As ofertas presentadas valoraranse atendendo a criterios de proporcionalidade matemática, a maior puntuación outorgaráselle á oferta que presente unha menor porcentaxe na marxe de explotación ou comercialización.

No caso de empate aquela que acredite ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ó 2% terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade na súa plantilla. No caso de que se siga dando empate, decidírase a adxudicación mediante sorteo.

Todos os impostos contribucións ou taxas sobre o contrato, ou no seu caso, sobre o obxecto do mesmo, serán por conta do adxudicatario incluso no caso de que non estea recoñecido o dereito á súa repercusión.

10.- Efectos da proposta de adxudicación. Renuncia ou desestímulo.

A proposta de adxudicación da mesa de contratación non crea dereito algún en favor do empresario proposto, que non os adquirirá, respecto á Administración, mentres non se formalice o contrato. Si, antes da adxudicación, o órgano de contratación renunciase á realización do contrato ou desistise do procedemento, deberá compensar aos licitadores polos gastos efectivos en que houbesen incorrido, previa solicitude e coa debida xustificación da súa valoración económica.

CAPITULO III.- ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN.

11.- Garantía definitiva.

De acordo co sinalado no art. 95.1, segundo parágrafo do TRLCSP, exímese ao adxudicatario da constitución da garantía definitiva ao tratarse dun subministro de consumible cuxa entrega e recepción efectúase antes do pago do prezo.

12.- Adxudicación do contrato.

Cando o único criterio que se considera para seleccionar ó adxudicatario do contrato sexa o do prezo, a adxudicación deberá recaer no prazo máximo de quince días a contar desde o seguinte ó da apertura das propostas. Art. 161.1 TRLCSP

O órgano de contratación adxudicará o contrato ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa, entendendo como tal a da porcentaxe de desconto máis alto sobre o prezo de venda ao público, tributos incluídos, excepto no caso previsto no artigo 151.2 do TRLCSP.

13.- Acreditación de documentación.

13.1.- Unha vez formulada a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación, o licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar, a requirimento do órgano de contratación, atoparse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, a cuxo efecto outorgaráselle un prazo de dez días hábiles. Dita acreditación efectuarase de acordo co seguinte:

Obrigacións tributarias:

A) Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.

B) Ademais, o licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa, non deberá ter débedas en período executivo de pago co Concello de Boqueixón, salvo que as mesmas

estivesen debidamente garantidas. O certificado que acredite a inexistencia de débedas aportarase de oficio polo concello.

Obrigacións coa Seguridade Social:

Certificación positiva expedida pola Tesorería da Seguridade Social.

Seguro de responsabilidade civil:

O contratista está obrigado a concertar unha póliza de seguro de responsabilidade civil e danos medio ambientais, sendo ao seu cargo ata a finalización do contrato.

O contratista deberá **presentar copia da póliza de seguro** conforme aos requisitos mencionados no **apartado 13 do anexo I e do documento que acredite que a mesma atópase ao corrente de pago e por conseguinte en vigor**. Entenderase que a presentación do recibo orixinal da anualidade en curso presupón o pago da prima correspondente.

En todo caso, a cobertura de dita póliza non determina o límite da responsabilidade que ha de asumir o contratista, senón que esta alcanza todos os danos e prexuízos nos que se cifre dita responsabilidade.

13.2.- Si non se presenta a documentación requirida no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose entón a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

Unha vez presentada adecuadamente a documentación sinalada, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

A adxudicación notificarase aos licitadores e ó mesmo tempo publicarase no perfil do contratante.

Adxudicado o contrato e transcorridos os prazos para a interposición de recursos, a documentación que acompaña ás proposicións quedará a disposición dos interesados. Si estes non retiran a súa documentación nos tres meses seguintes á data en que se lles notifique a adxudicación, a Administración non estará obrigada a seguila custodiando.

14.- Perfección e formalización do contrato.

O contrato perfeccionarase mediante a formalización, que se efectuará en documento administrativo dentro do prazo de quince días hábiles a contar desde o seguinte ao da notificación da adxudicación. O contrato poderá formalizarse en escritura pública se así o solicita o contratista, correndo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

CAPÍTULO IV.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

15.- Principio de risco e ventura.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, segundo o disposto polo artigo 215 do TRLCSP.

16.. Suxeición ós pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

O contrato executarase con suxeición ás cláusulas deste prego e ás do de prescricións técnicas particulares e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese a Administración ao contratista a través, no seu caso, do responsable do contrato. O contratista será responsable da calidade dos bens que entregue así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros polas omisións, erros ou métodos inadecuados na execución do contrato.

17.- Dirección e supervisión do subministro

A dirección e supervisión do subministro corresponde ó Departamento de Servizos , sendo as súas funcións a dirección, control e coordinación deste. Levarase un rexistro diario das cargas que os vehículos e a maquinaria consuma. En dito rexistro constará a matrícula do vehículo os kilómetros que percorreu ou horas de traballo que realizou (segundo se trate de vehículos ou maquinaria) , e os litros que se lle subministran.

As funcións de inspección e vixilancia, durante a vixencia do contrato, corresponderán ó servizo de contratación.

18.- Prazo de execución e prórroga do contrato.

O prazo total de vixencia do contrato e os parciais, no seu caso, figuran no apartado 16 do anexo I CCP.

O cómputo do prazo para a execución do contrato iniciárase ó día seguinte ó da formalización do mesmo, salvo o previsto no artigo 112.2 c) do TRLCSP.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

Se procede, o contrato poderá ser prorrogado, si así se indica no apartado 16 do anexo I CCP. En ningún caso poderá producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes.

19.- Penalidades por incumprimento de obrigacións contractuais.

Si os subministros sufrisen un retraso na súa execución e sempre que o mesmo non fose imputable ao contratista, si este ofrecese cumprir os seus compromisos concederáse polo órgano de contratación un prazo que será polo menos igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor, regulándose a súa petición polo establecido no artigo 100 do RGLCAP.

Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrera en demora respecto ao cumprimento do prazo total ou dos prazos parciais, si estes se previron, para o que se estará ao apartado 16 do anexo I, a Administración poderá optar, indistintamente, pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades, de acordo co disposto no artigo 212 do TRLCSP.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades. Neste último suposto, o órgano de contratación concederá a ampliación do prazo que estime necesaria para a terminación do contrato.

Así mesmo, a Administración terá as mesmas prerrogativas cando a demora no cumprimento dos prazos parciais faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

A Administración, en caso de incumprimento da execución parcial das prestacións definidas no contrato por parte do contratista, poderá optar pola resolución do contrato ou polas penalidades que se determinan no apartado 17 do anexo I.

En caso de cumprimento defectuoso da execución do contrato, ou, no seu caso, incumprimento do compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes, ou das condicións especiais de execución do contrato, a Administración poderá impoñer ao contratista as penalidades indicadas no apartado 17 do anexo I, de conformidade co disposto no artigo 212.1 do TRLCSP.

A aplicación e o pagamento das penalidades non exclúen a indemnización a que a Administración poida ter dereito por danos e prexuízos ocasionados con motivo do retraso imputable ao contratista.

A infracción das condicións para a subcontratación establecidas no artigo 227.3 do TRLCSP poderá dar lugar á imposición ao contratista dunha penalidade de ata un 50 por cento do importe do subcontrato.

20. Responsabilidade do contratista por danos e prexuízos.

O contratista será responsable de todos os danos e prexuízos directos e indirectos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Si os danos e prexuízos ocasionados fosen consecuencia inmediata e directa dunha orde dada pola Administración, esta será responsable dentro dos límites sinalados nas leis. En todo caso, será de aplicación o preceptuado no artigo 214 do TRLCSP.

21. Modificación do contrato.

O órgano de contratación poderá acordar, unha vez perfeccionado o contrato e por razóns de interese público, modificacións no mesmo nos casos e na forma previstos no título V do libro I do TRLCSP, e de acordo co procedemento regulado no artigo 211. Estas modificacións non poderán afectar ás condicións esenciais do contrato. No concernente ao seu réxime estarase ao disposto nos artigos 210, 211, 219 e 296 do TRLCSP.

Cando a consecuencia das modificacións se produza aumento, redución ou supresión de unidades de bens que integran o subministro ou a substitución duns bens por outros, sempre que os mesmos estean comprendidos no obxecto do contrato, estas modificacións serán obrigatorias para o contratista, sen que teña dereito algún en caso de supresión ou redución de unidades ou clases de bens a reclamar indemnización por devanditas causas, sen prexuízo do establecido no artigo 299 c) do TRLCSP.

22.- Suspensión do contrato.

A Administración poderá acordar por razóns de interese público a suspensión da execución do contrato. Igualmente poderá proceder á suspensión do cumprimento do contrato polo contratista si se dese a circunstancia sinalada no artigo 216.5 do TRLCSP. Os efectos da suspensión do contrato rexeranse polo disposto no artigo 220 do TRLCSP así como nos preceptos concordantes do RGLCAP.

23.- Cesión do contrato e subcontratación.

O adxudicatario non poderá ceder o contrato nin subcontratar con terceiros a realización total ou parcial das actividades obxecto do mesmo.

CAPÍTULO V.- DEREITOS E OBRIGACIÓNS DO CONTRATISTA

24.. Pago do prezo do contrato.

Conforme ao que establece o artigo 293 do TRLCSP, o contratista terá dereito ao aboamento do prezo dos bens efectivamente entregados e formalmente recibidos pola Administración. No apartado 19 do anexo I estipúlase a forma e condicións de pago para este contrato.

A mora no pagamento por prazo superior a trinta días, devengará a favor do contratista os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, de conformidade co establecido no artigo 216.4 do TRLCSP.

Conforme ao disposto no artigo 218 do TRLCSP, e nos termos establecidos no mesmo, os contratistas poderán ceder o dereito de cobro que teñan fronte á Administración conforme a Dereito.

25.- Revisión de prezos.

Na revisión de prezos estarase ao especificado no apartado 20 do anexo I, todo iso de conformidade cos artigos 89 a 94 do TRLCSP e 104 a 106 do RGLCAP.

26.- Obrigacións, gastos e impostos esixibles ao contratista.

Son por conta do contratista os gastos e impostos, anuncios, xa sexa en Boletíns, Diarios Oficiais ou en calquera medio de comunicación, os de formalización do contrato no suposto de que se leven a escritura pública así como de cantas licenzas, autorizacións e permisos procedan para executar e entregar correctamente os bens obxecto do subministro. Así mesmo estará obrigado a satisfacer todos os gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento do contrato, como son os xenerais, financeiros, de seguros, transportes e desprazamentos, materiais, instalacións, honorarios do persoal ao seu cargo, de comprobación e ensaio, taxas e toda clase de tributos, o IVE, o imposto que pola realización da actividade puidese corresponder e calquera outros que puidesen derivarse da execución do contrato durante a vixencia do mesmo, sen que poidan ser estes repercutidos como partida independente.

27.- Obrigacións laborais, sociais e medioambientales.

O contratista está obrigado ao cumprimento da normativa vixente en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais, conforme ao disposto na Lei 31/1995, de 8 de novembro, sobre prevención de riscos laborais, Real decreto 171/2004, de 30 xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 de devandita Lei en materia de coordinación de actividades empresariais, no Regulamento dos servizos de prevención, aprobado por Real decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, así como as que se promulguen durante a execución do contrato. Así mesmo, está obrigado ao cumprimento da normativa medioambiental vixente. No modelo de proposición económica que figura como Anexo II deste prego, farase a manifestación expresa na que conste que se tiveron en conta estas obrigas para a elaboración das ofertas correspondentes.

CAPÍTULO VI.- EXTINCIÓN DO CONTRATO

28.- Cumprimento do contrato.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando, transcorrido o prazo de vixencia total, este realice a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido no propio contrato, neste prego e no de prescricións técnicas, e coa satisfacción da administración.

O contratista non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos bens antes da súa entrega á administración, salvo que esta houbese incorrido en mora ao recibilos. Cando o acto formal da recepción dos bens sexa posterior á da entrega á administración, esta será responsable de custodia dos mesmos durante o tempo que medie entre un e outro acto.

29.- Liquidación do contrato.

Dentro do prazo dun mes a contar desde a data de finalización do contrato a administración deberá acordar e notificar ao contratista a liquidación do contrato e aboarlle, no seu caso, o saldo resultante. Si se producise demora no pago do saldo de liquidación, o contratista terá dereito a percibir os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

30.- Prazo de garantía.

O combustible é consumido a partir do momento da entrega e é nese instante cando se determina que se adapta ás características técnicas incluídas no correspondente prego, pois ao ser un ben funxible consómese co seu uso.

O consumo de combustible gasóleo C realízase durante todo o tempo que se establece como prazo do contrato e é neste prazo e en cada momento no que se verificará si é adecuada ao servizo o combustible, sen que sexa idóneo ao obxecto do contrato, precisamente por devanditas circunstancias, establecer prazo de garantía (art. 222. 2 TRLCSP).

31. Resolución do contrato.

Son causas de resolución do contrato as recollidas nos artigos 223 e 299 do TRLCSP, así como as seguintes:

- A perda sobrevida dos requisitos para contratar coa Administración.
- O incumprimento das limitacións establecidas en materia de sub contratación, sen prexuízo das penalidades que, no seu caso, se puidesen impoñer, conforme ao establecido na cláusula 20.
- A obstrución ás facultades de dirección e inspección da Administración.

O incumprimento da obriga do contratista de respectar o carácter confidencial respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e dos que teña coñecemento con ocasión do mesmo.

A resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, mediante procedemento tramitado na forma regulamentariamente establecida polo artigo 109 do RGLCAP.

Nos casos de resolución por incumprimento culpable do contratista, este deberá indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados. A indemnización farase efectiva sobre a garantía, sen prexuízo da subsistencia da responsabilidade do contratista no que se refire ao importe que exceda do da garantía incautada.

Para a aplicación das causas de resolución estarase ao disposto nos artigos 224 do TRLCSP e 110 do RGLCAP, e para os seus efectos ao disposto nos artigos 225 e 300 do TRLCSP.

32.- Réxime xurídico, prerrogativas da Administración, revisión de decisións e Tribunais competentes.

O contrato que se derive deste prego ten carácter administrativo. As partes quedan sometidas expresamente ao establecido neste prego e no de prescricións técnicas particulares.

Para o non previsto nos pregos, o contrato rexeráse polo RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), o Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP, e, en canto non se opoña ao establecido no TRLCSP, polo Regulamento xeral da lei de contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de Outubro (RGLCAP, e as súas normas complementarias. Supletoriamente, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as de dereito privado.

De acordo co establecido na cláusula primeira do prego, este contrato ten carácter administrativo. O órgano de contratación ten a facultade de resolver cantas cuestións se susciten durante a vixencia do mesmo sobre a súa interpretación, modificación, efectos e extinción, dentro dos límites e con suxección aos requisitos sinalados na lei.

ANEXO I.- CADRO DE CARACTERÍSTICAS PARTICULARES DO CONTRATO.

1.- Definición do obxecto do contrato.

Este contrato ten por obxecto o subministro de: combustible gasóleo C para os centros públicos municipais do Concello de Boqueixón, que se relacionan no apartado 13 deste Anexo, e o subministro de combustible gasóleo A para a maquinaria e vehículos municipais.

Código CPV: 09134000-7.

2.- Órgano contratante: Concello de Boqueixón.

Enderezo: R/ Forte s/n – 15881 Boqueixón

3.- Presuposto base de licitación e crédito en que se ampara.

Establécese un único criterio de valoración : o prezo máis baixo ofertado por litro de combustible. A oferta económica (iva excluído) consistirá na porcentaxe máis baixa de incremento sobre a marxe de explotación e comercialización por litro de combustible aplicado polo subministrador.

O prezo do litro de gasóleo A e C virá definido polos seguintes conceptos:

A – Prezo do produto en orixe

B- Impostos xerais que lle sexan de legal aplicación

C- Impostos especiais que lle sexan de legal aplicación

D- Marxe de explotación e comercialización

E- IVE (21%)

Deste xeito subministrador só ten opción a actuar sobre as marxes de explotación e comercialización, o prezo de valoración virá fixado pola menor porcentaxe de incremento sobre os conceptos a+b+c. Á suma destes conceptos hai que engadirlle o correspondente IVE.

A porcentaxe máxima da marxe de explotación e comercialización fíxase nun 7%.

Prezo final do gasóleo C/A: suma dos conceptos A+B+C+ marxe de explotación MÁXIMO 7% (%) + IVE (21%)

Crédito: con cargo ás aplicacións 135.221.03, 153.2..221.03, 162.1.221.03, 163.221.03, 231.221.03, 920.221.03 do orzamento xeral do ano 2015.

4.- Contrato suxeito a regulación harmonizada: NON.

5.- Solvencia económica, financeira e técnica.

Acreditación da solvencia económica e financeira: Artigo 75.1.a) do TRLCSP.

A solvencia económica e financeira dos licitadores deberá expresarse, en función do obxecto do contrato e do seu importe previsto no presuposto base de licitación, mediante a declaración a que se refire o art.75.1.a) do TRLCSP:

“Volume anual de negocios ou ben volume anual de negocios no ámbito ó que se refira o contrato, por importe igual ou superior ó esixido no anuncio de licitación ou na invitación para participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, no seu defecto, o establecido regulamentariamente”

Acreditación da solvencia técnica:

Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia técnica por calquera dos medios que establece o artigo 77 do TRLCSP.

6.- Procedemento de adxudicación.

-. Tramitación: ordinaria.

-. Procedemento: aberto.

-. Criterio: prezo.

7.- Garantía provisional:

NON SE ESIXE

8.- Admisión de variantes ou melloras:

NON SE ESIXE

9.- Perfil do contratante:

www.boqueixon.com

10.- Garantía definitiva.

NON SE ESIXE

11.- Garantía complementaria (artigo 95.2 do TRLCSP).

NON SE ESIXE

12.- Pólizas de seguros.

Procede: SI

Tipo de pólizas: responsabilidade civil e danos medio ambientais.

13.- Entrega do subministro

O subministro de gasóleo C realizarase nos seguintes edificios e instalacións municipais:

- . Casa da Cultura de Camporrapado
- . Casa do Concello
- . Centro Social de Sergude
- . Centro Social de Vigo
- . Centro Saúde do Forte (ata que sexa transferido ó SERGAS)
- . Centro Social de Codeso
- . Centro Social de Lestedo
- . Centro Saúde de Lestedo

O subministro de gasóleo A para os vehículos e maquinaria municipais realizarase, ou ben na estación de servizo ou ben no punto de subministro que a empresa indique na súa oferta, sempre cumprindo coas estipulacións indicadas no punto 2 do prego de cláusulas administrativas.

14.- Inspección e vixilancia do contrato.

A inspección e vixilancia do contrato será realizada polo servizo de contratación municipal.

15.- Prazo de subministro. Duración do contrato. Prórroga.

Prazo de subministro:

- . Pedidos ordinarios: 48 horas desde a data do pedido.
- . Pedidos urxentes: 24 horas desde a data do pedido.

Duración total do contrato: un (1) ano desde a sinatura do contrato.

Procede a prórroga do contrato: Si

O contrato será prorrogable por un (1) ano máis. Dita prórroga, de producirse, aprobarase de forma expresa, previa fiscalización e aprobación polo órgano competente.

16.- Penalidades.

Por demora: 0,20 euros por cada 1.000 euros de prezo, ao día.

17.- Sub contratación.

NON SE ESIXE

18.- Réxime de pagos.

Emitiranse facturas mensuais con información individualizada por pedido, indicando lugar e data do subministro, litros e importe en euros. Acompañarase o boletín oficial de cotización que acredite o prezo do produto en orixe no momento de cada subministro. (Índice Platt´s European Marketscan)

19.- Revisión de prezos.

NON PROCEDE

20.- Prazo de garantía:

NON PROCEDE

21.- Composición da Mesa de Contratación:

Presidente: Ana Mª Seijo Mosquera

Vogais: Jesús José Santasmarinas Devesa

Alejandro Bermúdez Devesa

Antonio González Barral

Mª Carmen Soutullo Carolo

Elena Suárez Rodríguez (secretaria do concello)

Secretaria: Adela Lamela Arteaga (responsable contratación)

ANEXO II.- MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D./D^a....., con domicilio a efectos de notificación en, rúa Nº, teléfono, con D.N.I. (ou pasaporte ou documento que o substitúa) nº , actuando en nome propio (ou en nome e representación de, con C.I.F. e domicilio en, rúa Nº, teléfono e fax, conforme se acredita con Poder Notarial bastante), fai constar que coñece e acepta o prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación do subministro de: GASÓLEO “A” PARA OS VEHÍCULOS E MAQUINARIA MUNICIPAIS E GASÓLEO “C” PARA CALEFACCIÓN DE CENTROS PÚBLICOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN, e ofrece a seguinte porcentaxe de desconto sobre o prezo de venda ao público, tributos incluídos: % (a porcentaxe de desconto indicárase con seis cifras decimais).

Data e firma do licitador.

ANEXO III.- MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE.

“D/D^a. con
DNI.....
e domicilio en provincia de
.....rúa
.....nº.....en nome propio ou en
representación da
empresa..... con CIF
..... e domicilio social en
.....á que representa
no procedemento de adxudicación do contrato de subministro, de

..... segundo poder bastante vixente ao día da data, declara de forma responsable ante o órgano competente do Concello de Boqueixón:

PRIMEIRO: Que nin a empresa, en cuxo nome actúa, nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa administración das previstas nos artigos 60 e 146.1.c) do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

SEGUNDO: Que a citada empresa atópase, nestes momentos, ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, nos termos en que estas se definen nos artigos 13 e 14 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e non ten débedas tributarias pendentes de pago co Concello de Boqueixón nos termos previstos no artigo 7.1 d) do Real decreto citado anteriormente.

TERCEIRO: A declaración a que se refire o parágrafo anterior faise sen prexuízo da obrigación de xustificar documentalmente ditas circunstancias, con anterioridade á adxudicación do contrato.

CUARTO: Autorízase expresamente ao Concello de Boqueixón, para que se proceda a expedir e incorporar ao expediente a pertinente certificación acreditativa da situación tributaria da empresa coa mesma.

E para que conste e a efectos no expediente ao que se refire a proposición á que se incorpora esta declaración responsable, asino a presente declaración responsable en a..... de de.....

Fdo.:

ANEXO IV. PREGO DE PRESCRIPCIONS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE GASÓLEO “A” PARA OS VEHÍCULOS E MAQUINARIA MUNICIPAIS E GASÓLEO “C” PARA CALEFACCIÓN DE CENTROS PÚBLICOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN.

1.- OBXECTO DO CONTRATO.

Este contrato ten por obxecto o subministro de: combustible gasóleo C para os centros públicos municipais do Concello de Boqueixón que figuran no artigo 4 deste anexo, e o subministro de combustible gasóleo A para a maquinaria e vehículos municipais

2.- DESCRICIÓN E DURACIÓN DO SERVIZO.

Os subministros do gasóleo realizaranse de acordo coas necesidades do Concello de Boqueixón tanto en tempo como en cantidades. O subministro realizarase de acordo co pedido. En cada período especificaranse ao adxudicatario, as cantidades exactas a subministrar en cada centro de xeito parcial, así como, o total do mesmo.

O subministro realizarase nas datas designadas polo concello, e o prazo máximo, para completar os pedidos, será de 48 horas contados a partir da data de envío por Fax,- ou outro medio ao adxudicatario- e sempre será por conta do mesmo.

Cada descarga de combustible acompañarase de polo menos un albarán de entrega ao encargado municipal designado.

Mensualmente, o subministrador enviará unha folla- resumo ao concello, na que se indicará por cada dependencia, as descargas realizadas, o volume descargado e o importe unitario e total do subministro

No caso de necesitarse pedidos urxentes, estes realizaranse nun tempo máximo de 24 horas sen cargo de sobreprecio por litro de carburante. O prazo de entrega deberá ser rigurosamente respectado. O incumprimento reiterado, poderá ser causa de revogación da adxudicación. A duración do contrato será dun ano, prorrogable expresamente por un período anual, por acordo mutuo das partes e ata un máximo de 2 anos.

3. CARACTERÍSTICAS DO COMBUSTIBLE.

Todos os subministros de gasóleo deberán cumprir as características técnicas para produtos petrolíferos que establece o Anexo III do Real Decreto 61/2006, de 31 de xaneiro, BOE do 17 de febreiro de 2006, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fuelóleos e gases licuados do petróleo, regúlase o uso de determinados biocarburantes e o contido do xofre dos combustibles para uso marítimo.

O concello poderá, sempre que o considere oportuno durante o período de execución do contrato, proceder á análise das mostras do combustible subministrado polo adxudicatario. A valoración cualitativa e cuantitativa das análises terán como referencia as características técnicas ofertadas polo adxudicatario, considerándose como especificacións mínimas as recollidas no Anexo III do R.D. 61/2006 de 31 de xaneiro, BOE do 17 de febreiro de 2006.

4. LUGARES DE SUBMINISTRO.

O subministro de gasóleo C realizarase nos seguintes edificios e instalacións municipais: Casa da Cultura de Camporrapado, Casa do Concello, Centro Social de Lestedo, Centro de saúde de Lestedo, Centro Social de Sergude, Centro Social de Vigo, Centro de Saúde de Forte e Centro Social de Codeso

O subministro de gasóleo A para os vehículos e maquinaria municipais realizarase ou ben nas estacións de servizo ou punto de subministro indicado na oferta presentada pola empresa adxudicataria ós vehículos que a continuación se detallan

MARCA	TIPO	MODELO	MATRICULA
PEGASO	Camión motobomba		C-6531-BM
HAKO	Varredora	Citymaster 2000	E-9398-BFL
CLAAS	Tractor - desbrozadora	Arion 610 C	E-3799-BFV
FIAT	Furgoneta 9 prazas	Scudo 2.0 MJT	5530 - GZZ
NISSAN	Todoterreno obras	Terrano II	C-6319-CG
NISSAN	Todocamiño P. Civil	QASHQAI	8745 GZZ
NISSAN	Todoterreno P. Civil	Terrano II	5771 DFF
MAN	Camión incendios	TGL 8210	3900 FZS
JCB	Retroescavadora	3 CX -4T PLUS	E-9937-BFF
MULTITOR	Maquinaria obras	Dumper	B 63376 VE
NISSAN	4X4 - P. Civil	Navara DC	8736-GSN
IVECO	Camión lixo		7414-BSL
CLAAS	Tractor - desbrozadora	Arion 420	E-2003-BFV
FIAT	Doblo	Combi 1.6	1599 GZL
FIAT	Doblo	Combi 1.6	1600 GZL

5. DETERMINACIÓN DO PREZO.

O prezo do litro de gasóleo A e C virá definido polos seguintes conceptos:

A – Prezo do produto en orixe

B- Impostos xerais que lle sexan de legal aplicación

C- Impostos especiais que lle sexan de legal aplicación

D- Marxe de explotación e comercialización (máximo 7%)

E- IVE (21%)

Deste xeito subministrador só ten opción a actuar sobre as marxes de explotación e comercialización, o prezo de valoración virá fixado pola menor porcentaxe de incremento

sobres os conceptos a+b+c. Á suma destes conceptos hai que engadirlle o correspondente IVE.

Prezo final do gasóleo C/A: suma dos conceptos A+B+C+ marxe de explotación MÁXIMO 7% (%) + IVE (21%)

6. TRANSPORTE DO COMBUSTIBLE.

Os transportes realizaranse en vehículos homologados e autorizados para este tipo de subministros, e deberán incorporar un contador volumétrico debidamente timbrado e verificado.

Serán por conta do adxudicatario todos os custos orixinados polo transporte do combustible e a súa descarga, así como das medidas de seguridade que deban tomarse ao realizar o servizo.

7. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO.

O adxudicatario deberá cumprir a normativa medioambiental durante os subministros e asumirá os custos e actuacións que se orixinen por derrames ou outras causas. Igualmente, a empresa adxudicataria responderá de toda perda ou deterioro que poidan sufrir os produtos a subministrar ata o momento en que tales produtos fosen ser entregados na instalación de almacenamento.

Tamén será responsabilidade do adxudicatario, os custos orixinados en instalacións ou actuacións causadas pola mala calidade do produto, incumprimento de normativas, ou derrames producidos accidentalmente.

8. MEDIDAS DE SEGURIDADE.

A empresa adxudicataria subministrará ós seus operarios de uniformes de traballo coas sinais de identidade empresarial, así como de cantas ferramentas e elementos de protección individual sexan necesarios para realizar os servizos contratados.

Os vehículos, máquinas, equipos técnicos, útiles e ferramentas que, no seu caso, deba achegar a empresa adxudicataria, posuirán a oportuna homologación da Unión Europea, cumprindo todos os requisitos legais establecidos.

9. LEXISLACIÓN APLICABLE.

Aplicácese toda norma ou disposición ben sexa municipal, autonómica, nacional ou comunitaria sobre o obxecto deste prego, non sendo esta exhaustiva, e só a título informativo, será a seguinte:

- a) Lei de Prevención de Riscos Laborais: Lei 31/95 de 8 de novembro, BOE de 10 de novembro de 1995 e as súas modificacións e regulamentos.
- b) Lei 34/1998, de 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.
- c) RD 1905/1995, Regulamento para a distribución polo miúdo de carburantes e combustibles petrolíferos.
- d) Real Decreto 2085/1994 de 20 de outubro, Regulamento de Instalacións Petrolíferas
- e) Real Decreto 61/2006 de 31 de xaneiro, Especificacións Técnicas de Gasolinas, Gasóleos, Fuelóleos e Gases licuados do petróleo.

3 Publicar o anuncio de licitación no BOP e no perfil do contratista.

8.Inicio de contratación do servizo de mantemento das instalacións de calefacción e fontanería municipal

Debido a que é preciso contar cun servizo que garanta o funcionamento correcto das distintas instalacións de calefacción que o concello ten nos locais da súa propiedade e das distintas reparacións de fontanería que ó longo do ano se realizan, hai que solicitar ofertas ás empresas que presten este tipo de servizos para efectuar a contratación correspondente.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

1 Iniciar a contratación do servizo de mantemento de instalacións de calefacción e fontanería en edificios municipais por procedemento negociado sen publicidade.

2 Aprobar o seguinte prego de prescricións técnicas que rexerán o dito contrato:

PREGO DE PRESCRICIONS TÉCNICAS PARA O SERVIZO DE MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE CALEFACCION E FONTANERÍA EN EDIFICIOS MUNICIPAIS.

1.OBXECTO DO CONTRATO

Este prego ten por obxecto regular e definir o alcance e as condicións das prestacións que rexerán na contratación do servizo de mantemento, conservación e reparación das instalacións de calefacción e fontanería das dependencias municipais que se relacionan no ANEXO.

A finalidade do servizo obxecto da contratación consiste en garantir a cobertura total das esixencias que existen sobre as citadas instalacións tanto legal como tecnicamente.

As instalacións que se manterán dentro deste contrato son as relativas a produción de auga quente para calefacción e produción de auga quente sanitaria, incluíndo todos os seus equipos tales como caldeiras, bombas, intercambiadores e distribucións de combustibles, etc e calquera outro que aínda non atopándose no cuarto de caldeiras, fose indispensable para o correcto funcionamento dos equipos ou máquinas instaladas.

Tamén se farán tódolos traballos relacionados co mantemento, conservación e reparación da fontanería xeral de tódalas dependencias municipais.

O mantemento das instalacións realizarase con estrita suxeición á normativa actualmente en vigor.

2. OPERACIONES COMPRENDIDAS NO MANTEMENTO.

As empresas licitadoras deberán establecer un plan de traballo no que se indique a metodoloxía e sistemática a seguir.

Areas de actuación:

- 1- Sistemas e equipos de calefacción, ACS, instalacións de combustibles líquidos e similares.
- 2- Instalación eléctrica de baixa tensión, cadros eléctricos de distribución, protección e manobra, liñas e redes de distribución, das instalacións de calefacción e ACS.
- 3- Reparacións de fontanería en xeral en tódalas dependencias municipais.

Rexistro das operacións de verificación:

Todas as operacións de verificación e mantemento, así como a identificación de quen os realiza e a data, deberán quedar oportunamente rexistradas.

As actas destas revisións, nas que debe figurar o nome, selo e número de rexistro da comunidade autónoma da empresa de mantemento, así como a sinatura do técnico que realizou as mesmas, serán entregadas no concello anualmente, xunto coa correspondente facturación.

3. REQUISITOS PARA PROPOÑER

Como requisitos técnicos das empresas que oferten este servizo, ademais das indicadas no prego cláusulas administrativas particulares, establécense os seguintes:

- 1- Experiencia como empresa de mantemento de instalacións de calefacción. Certificada.
- 2- Contar con autorización da Dirección Xeral de Industria da Comunidade Autónoma Galega para mantemento de instalacións de calefacción.
- 3- Contar co seguro de responsabilidade civil.

4. ADMINISTRACION DO SERVIZO

A realización do servizo consistirá no mantemento preventivo e correctivo das instalacións de calefacción e fontanería situadas nos locais e edificios municipais que se mencionan no ANEXO, de acordo coas características do servizo ofertados polo contratista, e sempre de acordo, coas seguintes condicións:

- O mantemento das instalacións deberá ser realizado directamente pola empresa adxudicataria, non admitíndose a subcontratación. Para isto a empresa contará coa correspondente autorización da Dirección Xeral de Industria da Comunidade.
- O adxudicatario elaborará, no prazo de seis meses dende a adxudicación do servizo, un libro catálogo por edificio de tódalas instalacións existentes, especificando perfectamente o tipo de características de tódolos elementos instalados (queimadores, caldeiras, bombas de circulación, depósitos de ACS, sistemas de control, etc...)
- O adxudicatario, nos seis primeiros meses de vixencia do contrato, entregará un informe (un por cada edificio) sobre as instalacións, indicando a súa adecuación ou non a normativa vixente. No caso de que, a xuízo do adxudicatario, algunhas instalacións incumpra a normativa vixente, farao constar no informe indicando claramente as normas e/ou artigos das mesmas que se incumpren e fará unha valoración económica para a súa adecuación á normativa vixente.
- O contratista efectuará, mediante visitas programadas de técnicos e oficiais de mantemento debidamente acreditados, as operacións de Mantemento Preventivo precisados na súa oferta, as cales cumprirán o Real Decreto 1027/2007 de 20 de xullo, polo que se aproba o regulamento de instalacións térmicas en edificios e demais normativa aplicable.
- O adxudicatario, está obrigado a entregar un parte anual das revisións efectuadas, este parte será individual para cada edificio, e recollerá os datos do estado e medicións de todos os elementos instalados.
- O contratista atenderá os avisos de avarías (mantemento correctivo) nun prazo máximo de 24 horas contadas a partir da recepción dos mesmos. Este servizo prestarase durante tódolos días do ano, incluíndo festivos, dentro do horario

comprendido entre as 9:00 e as 19:00 horas. Estas condicións do servizo poden ser melloradas na oferta realizada polo contratista.

- O prezo do presente contrato cubrirá exclusivamente a man de obra das operacións de mantemento Preventivo e correctivo, sendo os materiais que se requiran para o correcto funcionamento das instalacións por conta do concello. Así mesmo, os elementos que sexa preciso substituír por deterioro ou caducidade dos mesmos, serán obxecto de facturación aparte. Para realizar a substitución será necesaria a autorización previa do concello.
- A empresa adxudicataria realizará unha limpeza anual das caldeiras, pintando as zonas oxidadas e deterioradas. Así mesmo, rotulará os cadros eléctricos e equipos, poñerá carteis de seguridade e realizará manuais básicos de cada sala de máquinas.
- As operacións cuxa execución implique a intervención ou parada das instalacións e equipos serán realizadas durante horarios que sinalen ao efecto o Servizos Técnicos Municipais.
- As caldeiras que utilicen como combustible Gasóleo C, limpanse dúas veces ao ano para mellorar o seu rendemento térmico.
- Os danos que o persoal utilizado pola empresa adxudicataria puidera ocasionar nos locais, mobiliario, aparatos, instalacións ou en calquera dos Centro ou Dependencias afectas a este contrato, xa sexa por neglixencia ou dolo, serán indemnizados pola empresa, sempre a xuízo dos Servizos Técnicos Municipais.
- Todas estas condicións do servizo poderán ser melloradas na oferta realizada polo contratista.

5.LICITACION

Sinalase como tipo de licitación á baixa, **tres mil cincocentos euros (3.500 €)** IVE incluído.

Xunto coa oferta económica, a empresa presentará un plan de traballos a realizar e descrición detallada por edificio e sistema de calefacción. En dito plan especificarase a periodicidade de cada tipo de revisión.

6. PROPOSICIÓN: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse no rexistro xeral do concello no prazo de 10 días naturais a contar dende o día seguinte ao da recepción da invitación.

A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional polo empresario do contido da totalidade de ditas cláusulas.

7. DOCUMENTACIÓN.

SOBRE A: Subtitulado “Documentación”.

No sobre figurará a mención “documentación para a contratación do servizo de mantemento de instalacións de calefacción e fontanería en edificios municipais.”

Conterá o seguinte:

- Documento acreditativo da personalidade.
- Poderes, cando o licitador non actúe en nome propio.
- Acreditación solvencia económica, técnica ou profesional.

SOBRE B: Subtitulado “Referencias técnicas”.

Este sobre conterá:

- Medios materiais e técnicos que se adscriben ao cumprimento do contrato.

SOBRE C: “Oferta económica”.

Conterá a oferta económica, formulada conforme ao seguinte modelo:

Don/a.....con domicilio en.....
calle.....Nº..... teléfono..... Fax.....
titular do CIF/NIF nº..... actuando en nome propio (ou en
representación de CIF/NIF nº domicilio.....
Calle.....Nº..... Teléfono.....Fax.....)
toma parte no procedemento negociado sen publicidade convocado polo concello de
Boqueixón para contratar o servizo **Mantemento de instalacións de calefacción e
fontanería en edificios municipais** e faise constar que coñece e acepta o prego de
cláusulas administrativas e técnicas que rexen dito contrato e que se compromete a realizar
o servizo con suxeición ao mesmo, polo importe que se sinala a continuación:

- Prezo:	€
a) Prezo sen I.V.A	€
b) I.V.A	€
c) Total (a+b)	€

En....., a..... de..... 2015.

O licitador.

8. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Criterio.	Puntuación.	
	Mínimo	Máximo
Oferta económica	0	50
Medios materiais e técnicos	0	40
Outras melloras	0	10

O informe de valoración das ofertas será realizado polo enxeñeiro técnico industrial D. Pablo Rojo Losada.

9. ADXUDICACIÓN

Unha vez clasificadas as ofertas o órgano de contratación requirirá ao que obtivese maior puntuación para que no prazo de 10 días presente:

- Documentación xustificativa de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Constitución da garantía definitiva por importe do 5% do importe da adxudicación excluído o I.V.E.
- Acreditación de dispoñer efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometan a dedicar ou adscribir á execución do contrato

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación.

10 FORMALIZACIÓN

Deberá efectuarse non máis tarde dos 15 días hábiles seguidos a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación.

11. DURACION DO CONTRATO

A duración inicial do contrato será de dous anos, prorrogable por mutuo acordo das partes, ata un máximo total de catro anos de duración entre o prazo orixinal e prórrogas.

12. FORMA DE PAGO

O importe aboarase mediante certificacións mensuais conformadas polos servizos técnicos, mediante a presentación da correspondente factura, que se corresponderá coa doceava parte do importe da adxudicación.

13.OBRIGAS ESPECIFICAS DO ADXUDICATARIO

a/ Mantemento dos distintos elementos coas características definidas neste prego.

b/ Non subcontratar.

c/ Non causar interferencias con outros servizos públicos cando da existencia destes sexa advertido expresamente e non impedir o uso total ou parcial dos edificios nos que se actúe.

d/ Garantir a seguridade de cantas persoas interveñan no subministro dos elements e de todos os seus auxiliares e adoptar todos os medios legais precisos para elo. O adxudicatario deberá cumprir fielmente a Lexislación Laboral aplicable e en especial o referido á Prevención de Riscos Laborais.

e/ A empresa adxudicataria deberá subscribir durante o tempo que dure o servizo, un seguro de responsabilidade civil, que cubra as indemnizacións a terceiros por danos persoais, e/ou materiais dos que fora declarado responsable con ocasión do desenvolvemento da súa actividade.

ANEXO

RELACION DE EDIFICIOS E INSTALACIONES DE CALEFACCION E FONTANERÍA DO CONCELLO DE BOQUEIXON

EDIFICIO	DIRECCION
Casa da Cultura	Camporrapado
Local Social Fernández La Torre	Codeso
Centro Saúde do Forte	Forte – Boqueixón
Colexio Primaria	Forte – Boqueixón
Colexio Infantil	Forte – Boqueixón
CPI Antonio Orza Couto	Forte – Boqueixón
Centro Saúde	Lestedo
Local Social Camilo José Cela	Lestedo
Local Social Pedro Barrié de la Maza	Sergude
Local Social	Vigo
Local Social	Loureda
Casa do Concello	Boqueixón
Piscina municipal	Forte
Centro Interpretación Pico Sacro	Lestedo
Ximnasio	Forte
Pavillón do Forte	Forte
Pavillón de Lestedo	Lestedo
Campos de fútbol do Forte, Lestedo e Camporrapado	Forte, Lestedo e Camporrapado
Local Social de Ledesma	Ledesma
Escola Unitaria de Camporrapado	Camporrapado
Escola Unitaria de Lestedo	Lestedo
Escola unitaria de Sergude	Sergude

Local Social de Loureiro	Pousada
Local Social de Lamas	Lamas
Local Social da Granxa	A Granxa
Local de Protección Civil	Forte

3 Solicitar ofertas económicas ás seguintes empresas capacitadas para a prestación deste servizo :

Antonio Pena, SL
 Instalaciones Mopisca Galicia, SL
 Efocal Boqueixón, SL
 Manuel Balo Rodríguez
 José Antonio Silva Castro (Lamas – Vigo)
 Luís de la Fuente Fernández

9.Aprobación de facturas

A.- Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de **35.377,58 euros** e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas:

	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.	Importe
1	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONS.ELÉCT. DEP. ORTO 28/02 - 30/04	161	221.00	9.960,05 €
2	MONTAXES ELECT. FERNANDEZ, S.L.	MANT. ALUM. PÚBLICO MES DE AGOSTO	165	210.00	3.771,17 €
3	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	OUTROS GASTOS TELEFÓNICOS 18/07-	920	222.00	40,17 €
4	VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.	SERVIZO SMS 15/08-14/09	920	222.00	14,54 €
TOTAL					13.785,93 €

Aprobación de facturas pendente de pago:

	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.	Importe
1	ANA ANTA FERNÁNDEZ	LIQUIDACIÓN DE GASTOS	231	23020	47,12 €
2	ADELA LAMELA ARTEAGA	LIQUIDACIÓN DE GASTOS	920	230.20	52,25 €
3	CARPIMETAL BOQUEIXON, S.L.	BARANDILLA, PLATINAS, POSTES, ...	1532	212.00	1.413,28 €
4	CIDE HCENERGIA, S.A.	CONSUMO ALUM. PÚBL. SEGÚN REX. 15/1835	165	221.00	808,28 €
5	CONS. GAL. DE SERV.DE IGUALD.E BENESTAR	XANTAR NA CASA ABRIL-MAIO-XUÑO	231	227.99	1.305,72 €
6	CORRAL SANCHEZ, JUAN M.	LIQUIDACIÓN DE GASTOS	920	230.20	52,30 €
7	DROGUERIA-FERRETERIA EL SOL S.L.	AMOLADORA CUADRILLA DE OBRAS	1532	221.99	96,74 €
8	EDIT. COMP. S.A. - EL CORREO GALLEGO	PROM. FEIRAS E COMERCIO LOCAL	4313	226.02	302,50 €
9	JAIME Y RAMON OTERO CARITON, S.L.	PLACA MATRÍCULA E BOBINA PAPEL	135	213.00	38,85 €
10	PANADERIA SAN CIDRE	EMPANADA E PAN PARA BOQUEISONS	924	226.01	332,38 €
11	RENDON FACORRO, MARIA LUISA	SACOS DE COLA, MANGO CEPILLO,	1532	212.00	171,55 €
12	RENDON FACORRO, MARIA LUISA	PLAQUETAS ACERAS, CEMENTO,...	1532	212.00	280,89 €
13	SOGAMA	TRATAMIENTO LIXO MES DE AGOSTO	1623	212.00	8.323,88 €
14	ULLA OIL, S.L.	GASOIL DEPOSITOS P.CIVIL	1621	221.03	3.021,34 €
15	VAZQUEZ GARZÓN, S.L.	LAVADO E DESINFECCION DE CONTEDORES	1621	212.00	5.344,57 €
TOTAL					21.591,65 €

B.- Aprobación de facturas do Obradoiro de Emprego

A continuación a Xunta de Goberno aproba as facturas xeradas polas obras que se están a facer no obradoiro de emprego por importe de 1.867,88 euros (suma do módulo B + achega concello) e que a continuación se desagregan nos seguintes listados:

Importe subvención módulo B: 17.664,00 euros

Importe a deducir: 1.272,37 euros

Importe que resta: 16.391,63 euros

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Seguros Bilbao – Póliza seguros RC módulo carpintería	241.212.00	166.99
2	Seguros Bilbao – Póliza seguros RC módulo construción	241.212.00	166.99
3	Ferliño – Aluguer hidrolimpadora	241.212.00	163.35
4	Foga – Contrato aluguer fotocopiadora/ impresora	241.212.00	84.91
5	Foga – Custo instalación equipo de reprografía	241.212.00	69.39
6	Torneiro, SA – Arranxo electrofreno	241.212.00	235,44
7	Torneiro,SA – Correa electrofreno	241.212.00	87.00
8	Librería – Papelería Avenida – Material diverso de oficina	241.212.00	298,30
		Total	1.272,37

Importe subvención achega concello: 30.255,25 euros

Importe a deducir: 595,51

Importe que resta: 29.659,74

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Seguros Bilbao – Póliza seguro accidentes	920.224.00	248.36
2	Seguros Bilbao – Póliza seguros nave escola taller	920.224.00	347,15
		Total	595.51

10.Baixa na tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade

Acordo de baixa dunha tarxeta de estacionamento.

11.Aprobación e aboamento facturas de taxi pola recollida de alimentos da “Cruz Roja”

O día 14 de agosto de 2015, cos números 15/1618 e 15/1619, tiveron entrada no rexistro deste concello as facturas correspondentes ó gasto ocasionado polo servizo de taxi para recollida de alimentos procedentes da (“Cruz Roja”). Os quilómetros percorridos entre as distintas parroquias do concello, ata Camporrapado, foron realizados por don Xosé xxxxx (taxi nº 2 de Boqueixón) e don Jesús xxxxx (taxi nº 6 de Boqueixón).

Este gasto, ocasionado polo servizo de taxi, farase con cargo á subvención de emerxencia social da Deputación da Coruña, que recibe o departamento de Servizos Sociais para este concepto.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a factura núm. 03/15, con rexistro de entrada núm. 15/1618, a nome de don Xosé xxxxx, co DNI xxxxx (taxi nº 2), polo concepto de servizo de taxi para recollida de

alimentos, procedentes da (“Cruz Roja”), o 05/08/2015 e 06/08/2015. Os quilómetros percorridos entre as parroquias de Lestedo, Gándara, Sergude, Gastrar, Loureda, Vigo e lugar de Rebordaos ata Camporrapado, ocasionaron un gasto, **por importe de 143 €.**

2. Aprobar a factura núm. 36/15, con rexistro de entrada núm. 15/1619 a nome de don Jesús xxxxx, co DNI xxxxx (taxi nº 6), polo concepto de servizo de taxi para recollida de alimentos, procedentes da (“Cruz Roja”) o 05/08/2015. Os quilómetros percorridos entre as parroquias de Oural, Boqueixón e Ponteledesma ata Camporrapado, ocasionaron un gasto, **por importe de 30 €.**

3. Aprobar o pagamento das mencionadas facturas, que se fará con cargo á subvención de emerxencia social da Deputación da Coruña.

4. Dar traslado deste acordo a Intervención para o seu coñecemento e efectos.

12.Aprobación e aboamento de facturas dos premios “II certame de relatos Xosé Neira Vilas”

No BOP número 30, do 13 de febreiro de 2005, publícase a Resolución pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao Programa FO201: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a realización de actividades culturais, durante o ano 2015, concedéndolle ao concello de Boqueixón unha cantidade de 5.198,30 €.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 5 de marzo de 2015, acordouse a aprobación das bases deste certame e así mesmo, acordouse dispoñer dos fondos necesarios para facer fronte ao custo dos premios que lle corresponde ao concello.

Con data 28 de setembro de 2015 e con rexistros de entrada números 15/1857, 15/1858 e 15/1859 recíbense tres facturas para a súa aprobación e aboamento.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar e aboar as seguintes facturas

Nº Rexistro	Nº Factura	Data	Razón social/NIF	Concepto	IMPORTE (IVE incluído)
15/1857	837T	28/09/2015	Librería Lino (Mª de los Angeles Cutrín Ares)/NIF: xxxxx	Agasallo de Enrique Salvado Vigo	50,00€
15/1858	836T	28/09/2015	Librería Lino (Mª de los Angeles Cutrín Ares)/NIF: xxxxx	Agasallo de Alejandra Neiro Dopico	50,00€
15/1859	835T	28/09/2015	Librería Lino (Mª de los Angeles Cutrín Ares)/NIF: xxxxx	Agasallo de Nerea García Bendaña	50,00€

2.- Imputar o pagamento desta factura á subvención concedida

13.Aprobación convenio de cesión de local no lugar de Sergude

O día 18 de setembro, a Academia Prisma presenta unha solicitude no rexistro municipal para que se lle ceda un local para a impartición dun curso de inglés no local social de Sergude. Ese mesmo día, e debido a que a academia desexaba comezar o curso asinouse un convenio de colaboración e xa se fixo o ingreso correspondente ó mes de setembro e outubro. Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o convenio de colaboración asinado entre a Academia Prisma e este concello para a cesión dunha aula no local de Sergude coa finalidade de impartir un curso de inglés. A continuación transcríbese literalmente o convenio:

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE ACADEMIA PRISMA E O CONCELLO DE BOQUEIXÓN

En Boqueixón, 18 de setembro de 2015

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María Inés xxxxx, como representante legal de Academia Prisma, con CIF xxxxx e con domicilio social en R/ Atallo, 13 – Montouto – Santiago

Doutra, D. Ovidio Rodeiro Tato alcalde do Concello de Boqueixón

Ambas partes recoñécense con capacidade suficiente para establecer e asinar este convenio de colaboración e

EXPOÑEN

1 Que Academia Prisma, precisa da utilización dunha aula no Centro Sociocultural de Sergude para a impartición dun curso de inglés, os venres de 19.00 a 21.00 horas, durante un período de 7 meses a contar desde o día 18 deste mes. (28 días de clase)

2 Que o concello ten a propiedade e xestiona directamente o Centro Sociocultural de Sergude

3 Que como norma xeral, estas instalacións destínanse á práctica de actividades culturais, asociativas ou recreativas, ben de particulares, asociacións, clubs ou entidades, sexan ou non veciños de Boqueixón

4 Que un fin básico que pretende o concello de cara ás súas instalacións é a promoción de actividades culturais e educativas.

Dada a confluencia de intereses por ambas partes, establecen o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

1 O Concello de Boqueixón reserva a utilización do Centro Sociocultural de Sergude, nas condicións que se sinalan a continuación

2 Este convenio comezará o día 18 de setembro e a partir desta data impartiranse 28 días de clase, o que resulta 7 meses de duración.

3 Academia Prisma utilizará con ánimo de lucro nese periodo de tempo o local, os venres de cada semana, no horario anteriormente especificado. Como medio de colaboración no financiamento dos custos de funcionamento, Academia Prisma ingresará na conta núm. 2080.0320.2031.1000.0344 que o concello ten aberta en ABANCA en Lestedo, o importe de 10 euros por día que se utilice a instalación. Os pagamentos faranse por adiantado ó mes que se vaia utilizar.

4 O feito de que non se teñan os pagamentos ó día, fará que se perda o dereito ó uso do local, por parte da empresa.

5 As avarias, danos ou desperfectos que se ocasionen nese periodo de tempo e horario no mobiliario ou nas instalacións por unha actuación negligente ou impropia dará lugar á responsabilidade por parte de Academia Prisma, que lle poderá ser reclamada polo concello.

De conformidade con canto antecede ambas partes asinan por duplicado este convenio no lugar e data do encabezamento.

Mª Inés xxxxx

O alcalde

Academia Prisma

Asdo. Ovidio Rodeiro Tato

14.Devolución de ingresos , en relación coas actividades “Xanela de verán 2015”

Na Xunta de Goberno, en funcións, que tivo lugar o 4 de xuño de 2015, aprobáronse as bases e prezos das actividades incluídas na Xanela de verán 2015.

Tendo en conta que os seguintes participantes nas actividades de verán, ingresaron un importe incorrecto:

Nome e apelidos do neno/a	Actividade	Importe ingresado	Importe correcto	Motivo
L xxxxx	Concilia, Verán activo 1ª xullo e semana setembro Natación	55 €	15 €	Só asiste a Concilia
A xxxxx	Concilia, Verán activo 1ª xullo e semana setembro Natación	41,25 €	11,25 €	Só asiste a Concilia
I xxxxx	Concilia	15€	0 €	Non asiste por enfermidade
L xxxxx	Verán activo 2ª xullo e natación	50 €	40 €	Desconto 2º fillo
V xxxxx	Concilia	19,50 €	0€	Non asiste
X xxxxx	Verán activo xullo e agosto e Curso de	90 €	80	Non asiste a curso de

	natación			natación
C xxxxx	Concilia, Verán activo 2ª xullo, agosto, setembro e Natación	95	85	Non se realiza a actividade de setembro

A Xunta de Goberno, acorda:

1. Devolver os importes que a continuación se especifican:

Nome e apelidos do neno/a	Titular da conta	Nº de conta	Importe devolución
L xxxxx	Julio xxxxx	xxxxxx	40 €
A xxxxx	Julio xxxxx	xxxxxx	30 €
I xxxxx	Ana xxxxx	xxxxxx	15 €
L xxxxx	Inés xxxxx	xxxxxx	10 €
V xxxxx	Mª Victoria xxxxx	xxxxxx	19, 50 €
X xxxxx	Oscar xxxxx	xxxxxx	10 €
C xxxxx	Carlos xxxxx	xxxxxx	10

2. Dar traslado deste acordo á Tesourería-Intervención do concello para proceder á devolución dos importes correspondentes.

15.Retirada de licenzas para a instalación de postos de venda ambulante na feira-mercado de Lestedo

Mediante Decreto de alcaldía de data 28 de agosto de 2015, iniciáronse os trámites para a retirada de licenzas dos postos da Feira- mercado de Lestedo e resolveuse comunicar:

“1.- Ós feirantes incluídos no seguinte listado, que de non montar o seu posto ambulante na feira de Lestedo o vindeiro 6 de setembro, serán 4 días consecutivos de feira sen instalar o posto, de xeito que estarán incumprindo a ordenanza reguladora da expedición do carné para a venda nos mercados- feiras de Boqueixón.

Nº POSTO: 7. Titular autorizado: Delfina xxxxx

Nº POSTO: 9. Titular autorizado: Naranjas y Limones Santiago, S.L.

Nº POSTO: 13. Titular autorizado: Julio xxxxx

Nº POSTO: 41. Titular autorizado: Josue xxxxx

Nº POSTO: 45. Titular autorizado: José xxxxx

Nº POSTO: 55. Titular autorizado: Eudisia xxxxx

Nº POSTO: 67. Titular autorizado: Juan xxxxx

Nº POSTO: 68. Titular autorizado: Jaouad xxxxx

Nº POSTO: 70. Titular autorizado: Mª Carmen xxxxx

Nº POSTO: 73. Titular autorizado: Vanesa xxxxx

Nº POSTO: 74A. Titular autorizado: Sobrino Moreiras, S.L.

Nº POSTO: 75. Titular autorizado: Julio xxxxx

2.- Que en caso de non montar o posto por cuarto día consecutivo, ós feirantes citados deberán **xustificar as súas ausencias** ou **procederáse á retirada da autorización** e prohibición de poder optar a ter unha nova autorización ata transcorrido 1 ano, tal e como

se recolle no artigo 21 da ordenanza. Consecuentemente, no caso de non xustificar a ausencia ou non montar o posto o vindeiro 6 de setembro, iniciaranse os trámites para a adxudicación de novas autorizacións para os requeridos postos segundo a orde das solicitudes recollidas na listaxe de espera.

Feitas as oportunas comprobacións de que os citados feirantes interrompiron a súa actividade e non montaron o posto de venda ambulante, na Xunta de Goberno de data 17 de setembro de 2015, acordouse tramitar a baixa das licencias de José xxxxx e de Delfina xxxxx por xubilación e tramitar a retirada das autorizacións de Naranjas y Limones Santiago, S.L., Julio xxxxx, Josue xxxxx, Eudisia xxxxx, Jaouad xxxxx, M^a Carmen xxxxx, Sobrino Moreiras, S.L e Julio xxxxx.

Con respecto ós titulares Juan Gregorio xxxxx e Vanesa xxxxx, non foi posible facer a comunicación do decreto de data 28 de agosto de 2015 posto que o servizo de correos devolveu as notificacións por domicilio desconocido. Por este motivo, cos citados titulares seguíuse outro trámite, procedendo á publicación no BOE dun anuncio de notificación o 15 de setembro de 2015 en cumprimento do establecido no artigo 59.5 da Lei 30/92, do 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Retirar as licenzas e prohibir poder obter unha nova autorización ata transcorrido 1 ano, ós seguintes feirantes:

Nº POSTO: 67. Titular autorizado: Juan xxxxx

Nº POSTO: 73. Titular autorizado: Vanesa xxxxx

2.- Dar traslado deste acordo ós citados anteriormente para seu coñecemento e ós efectos que procedan.

16. Altas no servizo de abastecemento e saneamento

A) ALTAS EN ABASTECIMIENTO

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento, inclúense como beneficiarios do servizo ás persoas que se relacionan a continuación.

NOME E APELIDOS	DNI/CIF	ENDEREZO INMOBLE	TAXA
Francisco xxxxx	xxxxx	xxxxx, Boqueixón	54,86 €
M ^a Carmen xxxxx	xxxxx	xxxxx Boqueixón (clínica de fisioterapia)	109,73 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de abastecemento ás persoas que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

A alta concedida é para vivenda no caso de don Francisco xxxxx e para local comercial/obra no caso de dona M^a Carmen xxxxx

Ambos beneficiarios aboaron as taxas no número de conta xxxxx-(ABANCA). Achegan xustificante da transferencia realizada.

2º- Notificar este acordo a cada un dos beneficiarios citados anteriormente .

B) ALTA EN SANEAMENTO

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o regulamento do servizo municipal de saneamento, inclúese como beneficiario de dito servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

NOME E APELIDOS	DNI/CIF	ENDEREZO INMOBLE	TAXA
Francisco xxxxx	xxxxx	Xxxxx Sergude	54,86 €
M ^a Carmen xxxxx	xxxxx	Xxxxx Boqueixón (clínica de fisioterapia)	109,73 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de saneamento ás persoas que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

A alta concedida é para vivenda no caso de don Francisco xxxxx e para local comercial/obra no caso de dona M^a Carmen xxxxx

Ambos beneficiarios aboaron as taxas no número de conta xxxxx-(ABANCA). Achegan xustificante da transferencia realizada.

2º- Notificar este acordo a cada un dos beneficiarios citados anteriormente .

17.Execución subsidiaria de limpeza na leira número 430, polígono 45, de Ponteledesma

Antecedentes :

O 27 de maio de 2015 co número de entrada 15/1030, don Jesús xxxxx, con domicilio en Ponte Ledesma número 2, presenta escrito solicitando a limpeza da leira de monte, propiedade de dona Esclavitud xxxxx e don Manuel xxxxx, que está preto da súa vivenda, posto que está sen limpar hai máis de cinco anos, con toxos grandes e que é un perigo en caso de incendio.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 4 de xuño do 2015 acordouse requirir a dona Esclavitud xxxxx e don Manuel xxxxx para que procedesen en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza da leira ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais libres de maleza respecto da vivenda de don Jesús xxxxx.

Déuselles trámite de audiencia.

Dona Esclavitud xxxxx e don Manuel xxxxx recibiron notificación do requirimento o 11 de xuño do 2015.

Con data 29 de xuño do 2015 , rexistro de entrada 15/1291, don Manuel xxxxx presenta escrito no cal expón que para proceder á limpeza da leira número 430, necesita entrar pola leira número 431, propiedade de don Jesús xxxxx, posto que non ten outro acceso á leira. Solicita poder acceder, prazo de quince días, pola leira número 431 para proceder coas labores de limpeza.

Na Xunta de Goberno do 16 de xullo de 2015 acordouse:

- “1) Iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder limpeza de maleza na leira número 430, polígono 45, do lugar de Alargo de Balluca, Ponte Ledesma, propiedade de dona Esclavitud xxxxx e don Manuel xxxxx, ata gardar as distancias sinaladas no artigo 21 da citada Lei 3/ 2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.
- 2) Comunicar que o custo previsto dos traballos de execución subsidiaria de limpeza de maleza ascenden a un total de 504,85 euros, que terán que ser aboados polos propietarios da leira número 430, polígono 45, do lugar de Alargo de Balluca, Ponte Ledesma.
- 3) Rexeitar o escrito de alegacións presentado o 29/06/2015, por ser extemporáneo e
- 4) Dar traslado deste acordo ó denunciante, don Jesús xxxxx”.

Dona Esclavitud xxxxx e don Manuel xxxxx, recibiron a notificación do inicio de execución subsidiaria o 24 de xullo do 2015.

Non presentaron recursos nin tampouco presentaron documentación oportuna.

O 10 de agosto de 2015 co número de entrada 15/1579, don Jesús xxxxx expón que con data 27 de maio de 2015, número de entrada 15/1030 , solicitou a limpeza da leira de monte propiedade de dona Esclavitud xxxxx e don Manuel xxxxx e que non fixeron nada. Solicita que retiren a maleza.

O informe técnico de 21/08/2015 sinala que“ *A leira número 430, polígono 45, dedicada a monte está limpa pero coa maleza sen retirar e pegado á casa o noiro está sen limpar e a menos de 50 metros perimetrais da vivenda de don Jesús xxxxx.*”

O 1 de setembro de 2015 con número de rexistro de saída 15/791, a dona Esclavitud xxxxx e don Manuel xxxxx remíteselles escrito solicitando que no prazo máximo de 5 días proceda coa retirada de maleza da leira número 430, polígono 45. Se transcorrido o referido prazo non se retira a citada maleza, efectuarase polo concello e a súa costa tal como foi acordado na Xunta de Goberno do 16 de xullo de 2015 e que lle foi notificado o 24 de xullo do 2015.

Feita inspección técnica o 28 de setembro de 2015 o técnico municipal comproba que “*a leira número 430, polígono 45, dedicada a monte está con maleza cortada en pequenos montóns sen retirar e pegado á casa, o noiro está sen limpar , con abundante maleza e elo a menos de 50 metros da vivenda.*

Existe perigo de incendio.

Non se respectan as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de prevención de riscos forestais modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia.”

Consideracións xurídicas.

O artigo 9.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificado pola Lei 2/2010, do 25 de marzo do solo de Galicia

sinala que “Os propietarios de terras conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga”.

O artigo 199.2 da citada Lei 9/2002 di que “ Os concellos ordenarán, de oficio ou a instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e previa audiencia aos interesados, a execución das obras precisas para conservar aquelas nas condicións, coa indicación do prazo de realización “.

O artigo 1 da Lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais sinala que “Esta lei ten por obxecto defender os monte ou terreos forestais fronte aos incendios e PROTEXER ÁS PERSOAS E OS BENS por eles afectados.”

O artigo 21 da citada Lei 3/ 2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que en canto ás faixas de xestión de biomasa nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, será **obligatorio para as persoas responsables**, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, **xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral** ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento. **Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira da lei 3/2007 de prevención e defensa conta incendios (piñeiros, mimosas, acacias eucaliptos, queirugas, carqueixas, xestas, fentos, silvas e toxos).**

As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

A disposición transitoria décima, apartado 3) Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia sinala que en canto ás demais especies arbóreas, (distintas ás establecidas na disposición adicional terceira anteriormente citada) como os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais establecidas no anexo I, deberán gardar unha distancia de 15 metros.

O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas... poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

O artigo 98 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro , regula a execución subsidiaria dos actos que poidan ser realizados por suxeito distinto do obrigado e sobre o seu custo.

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Proceder coa **execución subsidiaria** e en consecuencia coa limpeza de maleza na leira número 430, polígono 45, do lugar de Alargo de Balluca, Ponte Ledesma, propiedade de dona Esclavitud xxxxx e don Manuel xxxxx, ata gardar as distancias sinaladas no artigo 21 da citada Lei 3/ 2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

2) Según informe económico, de data 28 de setembro de 2015, tendo en conta que se modifica a descrición dos traballos de custo de tractor con operario para carga de maleza e horas de desbrozadora manual, posto que a leira ten zonas coa maleza cortada, pero amontoada, a **valoración dos traballos de limpeza ascenden a un total de 193,6 euros**, que terán que ser aboados polos propietarios da citada leira, dona Esclavitud xxxxx e don Manuel xxxxx .

Dito gasto deberá aboarse polos propietarios na conta bancaria xxxxx - Abanca, a nome do concello de Boqueixón.

3) Comunicar ós citados propietarios que nun prazo máximo de 5 días, desde o recibo desta notificación, remitan mediante escrito a correspondente autorización para proceder á limpeza de maleza da leira así como a xustificación do pagamento do mencionado importe á conta bancaria que ten o concello, anteriormente citada.

4) No caso de non obter a correspondente autorización e non aboar o citado importe procederase á execución subsidiaria polo concello e á recadación da débeda vía executiva.

18 - Rogos e preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o concelleiro don Manuel Fernández Munín remata a sesión e eu redacto a acta como secretario-interventor accidental

O secretario – interventor accidental

Visto e prace
O presidente accidental